

vilalba

O Concello investirá un millón de euros en obras de mellora en servizos e infraestruturas. **Páx. 2**

friol

Regresa o Friulio na súa oitava edición a fin de semana do 9 e 10 de maio. **Páx. 10**

meira

O cantante Amancio Prada ofrecerá na vila un único concerto o 6 de agosto. **Páx. 15**

castro de rei

A Xunta aproba a creación da Colección Margarita Ledo na localidade. **Páx. 16**

guitiriz

A Festa da Torta de Millo contará con Sheila Patricia e Caamaño & Ameixeiras. **Páx. 21**

Pol maniféstase por una atención sanitaria digna



Novo nó de transición xusta nas Pontes

O Consello de Ministros deulle a distinción á subestación de Maciñeira. **Páx. 6**

Entre pontes e Rumboia Viva prepáranse

Os festivais de Rábade e Abadín marcan o programa musical que precede ao verán. **Páx. 13 e 23**

As Letras Galegas honran a Begoña Caamaño


A narradora e xornalista viguesa será homenaxeada polo seu legado literario. **Páx. 29**

Museo Monte Caxado



O presidente explica os actos do 40 aniversario da súa creación. **Páx. 9**

Carmela López



A presidenta da Deputación fai un balance dos primeiros meses. **Páx. 26-27**

Tenis de mesa



O club CD Terras da Chaira apura as últimas xornadas de competición. **Páx.31**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

GRADÚA AS TÚAS GAFAS DE VISTA
...E LÉVATE TAMÉN GRADUADAS AS DE SOL

PROMOCIÓN VÁLIDA ATA Ó 30 DE XUÑO

Vilalba 982 51 01 00
As Pontes 981 45 15 04

Convocan o X do Premio Agustín Fernández Paz

Coincidindo coa celebración do Día do Libro, o Ilesha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia convocaron a X edición do Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade.

Como en edicións anteriores poderán participar todas as persoas que o desexen presentando narracións inéditas en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil e cunha temática unida ao compromiso pola igualdade de xénero, paz, nacionalidade, etc. A obra terá unha extensión libre e presentarse encadernada, por cuadruplicado, en papel impreso polas dúas caras, tamaño DIN A4.

O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do orixinal por Edicións Xerais de Galicia cedendo ao gañador 30 exemplares do mesmo.

O prazo de presentación de orixinais, que xa está aberto, rematará o 12 de xullo, aproveitando o noveno cabodano do autor homenaxeado. Será en outono, concretamente na

última semana de outubro, cando se dea a coñecer o gañador, escollido por un xurado formado por tres persoas de recoñecido prestixio cultural.

BENXAMÍN PAZ. O CEIP Antonio Insua Bermúdez de Vilalba vén de convocar a XXVII edición do Certame Literario Benxamín Paz de narrativa, poesía e debuxo ao que está invitado a participar todo o alumnado de Educación Infantil e de Primaria pertencente a centros educativos do concello de Vilalba. Establécense tres modalidades, poesía e narrativa para Educación Primaria, e debuxo, para Educación Infantil e primeiro ciclo de primaria. Ademais, haberá unha categoría para alumnado con Necesidades Especiais de modalidade libre. Os traballos serán dirixidos ao colexio antes do 15 de maio e contarán con varios premios. Haberá 1 gañador por cada ciclo cun lote de material de agasalho. A entrega de premios efectuarase nos centros educativos no mes de xuño.

O Pleno aproba investimentos dun millón de euros para servizos e vías

O Concello de Vilalba aprobou no pleno extraordinario celebrado en maio un conxunto de proxectos que supoñen un investimento global superior ao millón de euros, destinados á mellora de servizos básicos e infraestruturas tanto no casco urbano como nas parroquias.

A maioría das propostas saíron adiante por unanimidade, agás o proxecto de renovación do saneamento da rúa Plácido Peña e a modificación de viario no campo da feira, nos que o Partido Popular optou pola abstención.

Entre as actuacións aprobadas destaca a renovación da rede de saneamento da rúa Plácido Peña, cun investimento de 817.944,21 euros, unha intervención de gran relevancia que permitirá mellorar o funcionamento dun servizo esencial para a veciñanza, resolvendo problemas como filtracións, perdas e deficiencias na rede actual.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, puxo en valor esta actuación, subliñando que “estamos ante un proxecto fundamental para garantir un servizo básico en condicións, que vai ter un impacto directo no día a día da veciñanza”.

Neste sentido, Rouco incidiu na necesidade de avanzar na mellora do ciclo da auga e reclamou un maior compromiso por parte das administracións competentes. “Os vilalbeses e vilalbesas levan anos pagando na súa factura da auga un canon que xestiona Augas de Galicia e que, por lei, debería reverter en investimentos no propio municipio”, explicou.

A alcaldesa detallou que “desde o ano 2012 ata 2024, a veciñanza de Vilalba achegou arredor de 1,8 millóns de euros a Augas de Galicia, dos que apenas se reverteron 15.000 euros a través dunha subvención solicitada polo propio Concello”. “É evidente que hai unha débeda coa nosa vila e que é necesario que eses recursos volvan en forma de investi-



mentos reais en Vilalba”, engadiu.

O pleno aprobou tamén outros proxectos de mellora de infraestruturas, entre eles a rexeneración dos accesos ao núcleo de Cabanamille, na parroquia de Belesar, cun investimento de 48.380,64 euros, e a actuación no acceso ao polígono industrial desde a LU-P-6502, cun orzamento de 150.000 euros, que permitirá reforzar a seguridade nun punto estratéxico.

Ademais, saíu adiante a modificación de viario no campo da feira para a creación dun novo espazo infantil, financiado a través do Plan Deputación, así como actuacións de mellora de vías municipais nas parroquias de Oleiros, Román, Lanzós e San Simón da Costa, orientadas a reforzar a accesibilidade e a mobilidade no rural. A alcaldesa, Marta Rouco, destacou o conxunto destas actuacións como parte dunha liña de traballo clara.

FEIRA DE OPORTUNIDADES



A Asociación de Empresarios de Vilalba fai un balance moi positivo da nova edición da Feira de Oportunidades, que volveu converter o centro da vila nun punto de encontro para o comercio e a cidadanía. Un total de 16 establecementos asociados participaron nesta iniciativa, sacando os seus produtos á rúa en formato outlet e ofrecendo artigos con descontos especiais.

Outras obras no rural

CODESIDO. Anunciouse a renovación da estrada que une Codesido e Tardade por valor de 31.101,84 euros. Esta nova obra deixa novos os dous quilómetros da estrada que comunica a igrexa de Codesido con Tardade ao seu paso polos barrios da Retorta, Trascastro, Cartín, A Corredoira e máis o Xurbal, ata a provincial LU-P-6513.

SANTABALLA. Renovarase a vía de acceso ó barrio da Fontebouza, en Santaballa. Esta nova obra de mellora da rede viaria rural tivo un custo de 28.366,03€ e dalle, ó fin, resposta ás demandas de anos da súa veciñanza.

LANZÓS. Anunciou tamén a pavimentación da vía que lle dá acceso

á granxa avícola situada no barrio de Vilate, en Lanzós. Unha nova obra de mellora da rede viaria rural, que vén a dar cumprida resposta ás demandas da explotación gandeira, así como ás das 2 vivendas colindantes, pois o Concello pavimentou o camiño ó completo dende a estrada provincial LU-P-6502.

ABELEDOS. Fíxose a renovación completa da vía que une os barrios de Agadín, O Abeledo e o Cal da Pena, en Oleiros. Unha moi agardada obra, que tivo un custo de 22.115,21€ e que deixa nova unha das estradas máis utilizadas pola súa veciñanza. As seguintes a renovar serán a pista do Salgueiro, o acceso a Gardamil e a pista que une os barrios de Pedrido e Os Foxos.





POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA




RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

O Hotel Villamartín acollerá unha residencia e un centro de día

O Concello de Vilalba acolleu a presentación do proxecto para a construción dunha nova residencia para maiores e un centro de día nas instalacións do antigo Hotel Villamartín, unha iniciativa impulsada por Rosalba Gestión que suporá un avance clave na dotación de servizos asistenciais no municipio.

O proxecto, en cuxa presentación estiveron presentes a alcaldesa, Marta Rouco, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, e o director de Relacións Institucionais de Rosalba Gestión, Luis Romero, contempla a creación dun centro con máis de 160 prazas, combinando servizo residencial e centro de día, e prevé a xeración de arredor de 150 postos de traballo entre directos e indirectos, contribuíndo así ao desenvolvemento económico local e á fixación de poboación.

A alcaldesa, Marta Rouco, destaca que “estamos ante un proxecto estratéxico para Vilalba, que dá resposta a unha demanda real da veciñanza e que permitirá que moitas persoas maiores poidan ser atendidas no seu propio entorno, preto das súas familias”.

Rouco subliña tamén o papel activo do Concello para facer posible esta iniciativa, sinalando que “desde 2022-2023 levamos traballando de maneira estreita co promotor para facilitar a implantación deste proxecto, estudando todas as opcións posibles para aproveitar as condicións urbanísticas das instalacións e axilizar a tramitación necesaria”.

Neste sentido, o Concello traballou arreo para posibilitar que o proxecto poida desenvolverse nun espazo que foi clave para a actividade económica de Vilalba, como é o antigo Hotel Villamartín, que terá así unha nova vida vinculada ao coidado e á atención das persoas.



O centro seguirá un modelo de atención integral centrado na persoa e contará con sete unidades de convivencia, tres delas especializadas: unha para coidados continuados de persoas con enfermidades crónicas complexas, outra de recuperación funcional tras alta hospitalaria e unha terceira destinada á atención de demencias dexenerativas.

Ademais, incluírá un centro de día orientado a persoas maiores que viven nos seus domicilios, ampliando así a cobertura asistencial no municipio.

A alcaldesa pon en valor a aposta de Rosalba Gestión por Vilalba, unha empresa con máis de 30 anos de experiencia no sector que inicia con este proxecto a súa implantación en Galicia, e destaca que “este tipo de iniciativas son fundamentais para cubrir carencias existentes e mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza”. Así mesmo, Rouco lamenta “a falta de implicación da Xunta de Galicia, que ten a competencia exclusiva en materia de residencias públicas e á que este Concello lle leva anos solicitando unha infraestrutura destas características sen obter resposta”.

Neste contexto, o Concello solicitará

á Xunta que habilite prazas concertadas na nova residencia e no centro de día, co obxectivo de garantir o acceso a estes servizos ao conxunto da cidadanía.

SLG. O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) di que a reivindicación histórica da sociedade vilalbesa pasa pola creación dun sistema público de atención ás persoas maiores e dependentes, “e non pola implantación de centros privados con custos que poderían situarse entre os 2.000 e os 3.000 euros mensuais”. A organización advirte de que este modelo non responde ás necesidades reais da maioría das familias, “que non poderían asumir ese gasto”, e insiste en que os servizos deben ser accesíbeis e públicos. O sindicato pon o foco tamén na situación demográfica da vila e da comarca da Terra Chá, marcada por un progresivo envellecemento da poboación. De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estadística (INE), Vilalba conta con 13.852 habitantes, dos cales arredor do 30% teñen máis de 65 anos, unha proporción que continuará aumentando nos vindeiros anos.

Vilalba inicia o novo sistema de recollida de plásticos agrícolas

O Concello iniciou o novo sistema de recollida de plásticos agrícolas a domicilio, o que suporá un cambio significativo no servizo que reciben as explotacións gandeiras do municipio. A recollida pasa a realizarse directamente granxa a granxa, garantindo unha maior comodidade para os titulares das explotacións e unha mellora substancial nas condicións de limpeza e salubridade da vía pública.

A rexedora vilalbesa, Marta Rouco, destacou que “este novo modelo permitirá ofrecer un servizo máis moderno, eficiente e adaptado á realidade do rural, evitando desprazamentos innecesarios para os gandeiros e eliminando os problemas xerados polos antigos puntos de depósito, que nalgúns casos chegaron a converterse en verte-

doiros incontrolados”.

O novo servizo funcionará dúas veces ao ano, coincidindo coa última semana de maio e a última semana de outubro. Para que a empresa concesionaria pase pola explotación, só será necesario realizar unha chamada previa ao teléfono dispoñible para tal fin: 653 940 988, a partir do día 1 do mes correspondente. A empresa encargada da recollida organizará as rutas e acudirá ás granxas para retirar os plásticos preparados polos titulares.

Este novo sistema permitirá, ademais, clausurar os puntos de recollida actuais, que nalgúns parroquias acumulaban todo tipo de residuos alleos aos plásticos agrícolas, xerando problemas de limpeza e afectando á imaxe do rural vilalbés.

Sacan a licitación a xestión do bar da área recreativa da Madalena

Vén de saír a licitación a concesión do uso privativo do bar-cafetería situado na área recreativa da Madalena, nun paso decidido para normalizar a situación deste espazo e garantir unha xestión transparente e conforme á legalidade.

Este proceso pon fin a unha situación herdada de anteriores gobernos, na que a explotación do establecemento se viña realizando sen un procedemento público en vigor, ao amparo dun acordo do ano 2011 que xa estaba amplamente vencido. Ante esta realidade, o actual executivo municipal procedeu a declarar

caducada e rescindida a relación contractual existente, co obxectivo de restaurar a legalidade e o interese xeral.

O obxectivo é tamén dotar este espazo dun servizo de calidade acorde ás necesidades actuais e contribuír á dinamización da área recreativa da Madalena, un dos puntos de encontro máis importantes do municipio. A concesión será unha duración inicial de cinco anos, con posibilidade de prórrogas anuais ata un máximo de cinco anos máis, e establécese un canon mínimo de 967,28 euros mensuais (non suxeito a IVE).



CLÍNICA DENTAL TEST

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

www.clinicadentaltest.es

desde 2001
CONSTRUYENDO SONRISAS

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 · 608 938 993

EN BREVE

MOURENCE. A parroquia de Mourence, vivirá a finais de maio unha intensa programación festiva na honra a San Xulián, cunha ampla variedade de actividades musicais e gastronómicas que terán lugar os días 29, 30 e 31 de maio. As festas comezarán o venres, cunha degustación de pinchos variados a partir das 21:30 horas (con presentación de ticket) e o inicio da verbena ás 23:00 h, a cargo dos dúos Melismas e Belinda. O sábado celebrarase a tradicional misa ás 13:30 horas, seguida da procesión e sesión vermú coa orquestra Solara. Pola noite, a festa continuará cunha gran verbena, animada novamente pola orquestra Solara e o grupo D'Vicio. O domingo, a programación relixiosa e festiva repetirase coa misa, procesión e sesión vermú ás 13:30 h, nesta ocasión amenizada polo dúo La Hora Bruja.

TARDADE. Celebra o 23 e 24 de maio as súas festas na honra á Nosa Señora da Ascensión e Inmaculada Concepción. Estas darán comezo o sábado ás 13.15 horas, coa misa e procesión. Seguirá a sesión vermú coa orquestra Salsarena de Mondoñedo, que fará dobre sesión, coa verbena de noite xunto a Judith Cundins. O domingo 1 será a misa cantada ás 13.30 horas e haberá de novo procesión, nesta ocasión acompañada pola charanga RG Román e Goiriz. Aixa Romay será a encargada de poñer o punto e final ás celebracións na sesión vermú.

ROMÁN. Román celebra as súas festas a fin de semana da 16 e 17 de maio na hora de Santa Eulalia e San Antón. O sábado a misa con procesión celebrarase ás 13.00 para continuar cunha sesión vermú coa actuación da orquestra Los Españoles. Pola noite, os encargados de amenizar a verbena serán de novo Los Españoles e Finisterre. A misa do domingo dará comezo tamén ás 13.00 e o final de festa será a sesión vermú a cargo da orquestra Stereo.

BELESAR. Os días 29 e 30 de maio terán lugar en Belesar as festas na honra ao Corpus Christi. O ven-



res 29, a partir das 22:00 horas, haberá pinchos gratuítos para todos os asistentes, seguidos dunha animada verbena a cargo do dúo Estrellas. A xornada do sábado comezará ás 13:30 horas cunha misa solemne e a tradicional procesión. Xa pola tarde celebrarase a sesión vermú coa Orquestra Los Españoles, que tamén será a encargada da verbena nocturna, compartindo escenario co dúo Eclipse. Ademais, os máis pequenos poderán desfrutar de colchonetas gratuítas.

SAN SIMÓN DA COSTA. A parroquia vivirá unha fin de semana repleta de festa para homenaxear a San Isidro Labrador. As celebracións comezarán o sábado 16, pola mañá, cando terá lugar unha ruta cabalar que se iniciará coa recepción dos participantes e o almorzo ás 09:30 horas. A saída da ruta será ás 10:00 e durante o traxecto farase unha parada para degustar uns pinchos. Ao final da ruta entregárase un agasallo a todas as persoas participantes. Para anotarse na actividade hai dispoñibles varios teléfonos de contacto, e a data límite de inscrición é o 12 de maio. Celebrarase a misa ás 13:30 horas, seguida da procesión e dunha sesión vermú a cargo do grupo Adrianos. Despois, os asistentes poderán gozar dunha comida campestre. Pola noite, a verbena contará coa actuación dos grupos Adrianos e Origen. O domingo 18 de maio volverá celebrarse misa ás 13:30 horas, con procesión e sesión vermú a cargo de Adrianos, que tamén porá o broche final ás festas cunha actuación na carpa instalada no campo.

Rematan na rúa Benxamín Paz as obras de pavimentación

O Concello de Vilalba vén de concluír os traballos de aplicación do aglomerado en quente na rúa Benxamín Paz, dando por finalizada a fase clave dunha actuación que supuxo a transformación integral desta vía do casco urbano.

A alcaldesa, Marta Rouco, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luís Fernández, visitaron as obras en varias ocasións ao longo do seu desenvolvemento para facer seguimento dunha intervención que mellora de maneira significativa tanto a circulación como o tránsito peonil nunha zona especialmente transitada.

A aplicación da nova capa de rodaxe permite contar cun firme completamente renovado, en mellores condicións de seguridade e confort, ao tempo que se reforza a funcionalidade dunha rúa cun elevado uso diario, especialmente pola súa proximidade ao centro de saúde.

A actuación complétase coa instalación de pasos de peóns sobreelevados, que contribúen a moderar a velocidade do tráfico e facilitan o paso das persoas, con especial atención a aquelas con mobilidade reducida.

A alcaldesa destacou o alcance da intervención, sinalando que “esta actuación permite dar un salto cualitativo moi importante nesta rúa, tanto desde o punto de vista da seguridade como da accesibilidade”. Rouco



subliñou que “seguimos avanzando nun modelo de vila máis funcional, máis cómoda e pensada para as persoas”.

Pola súa banda, o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luís Fernández, puxo en valor o traballo realizado e o impacto directo desta actuación no día a día da veciñanza, destacando a importancia de continuar coa mellora progresiva dos espazos públicos.

A intervención, cun investimento de máis de 160.000 euros financiado a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, incluíu tamén a renovación previa das beirarrúas para adaptalas á normativa de accesibilidade, a modernización

do alumeadado público con tecnoloxía LED e a mellora da contorna mediante a incorporación de elementos que contribúen a unha imaxe máis cuidada da rúa.

Unha vez rematada a aplicación do aglomerado, queda pendente o pintado das marcas viarias e a instalación da sinalización vertical, actuacións que se executarán nas vindeiras semanas para completar a renovación integral.

Desde o Concello destacan que esta intervención forma parte dunha liña de traballo continuada orientada á mellora das infraestruturas urbanas e á construción dun casco urbano máis accesible, seguro e adaptado ás necesidades actuais da veciñanza.

O PP acusa ao BNG de mudar de idea ao non apoiar unha moción de censura

“O BNG e Vilalba Aberta non están para dialogar, senón polo non a todo”, segundo advirten dende o PP de Vilalba trala negativa de ambas forzas a manter reunións de traballo que tiñan proposto os populares para “dar resposta ás necesidades do Concello e dos vilalbeses” con una moción de censura. Pero, “o BNG eliminou, dun día para outro, a pesar de que xa tiñamos data marcada e Vilalba Aberta non quere dialogar nin reunirse con nós”, explican.

O Partido Popular de Vilalba reiterou a súa vontade de diálogo e colaboración co resto de forzas políticas do municipio co obxectivo de desbloquear a situación actual do goberno no Concello onde a alcaldesa, a socialista Marta Rouco, “non logrou aprobar os orzamentos municipais, nin superou unha cuestión de confianza á que chegou abocada pola súa propia soberbia e arrogancia”. Os populares explican que “o representante do BNG non puxo, nun

principio, impedimento ningún a reunirse co PP vilalbés”. De feito, “había data marcada”. “Pero a raíz das últimas noticias sobre a posible moción de censura en Lugo anulou a reunión”, apuntan. O PP cre que “os intereses de Vilalba deben situarse por enriba de dinámicas políticas externas”.

Pero “o BNG parece estar máis pendente de resolver os problemas do seu partido que os problemas dos vilalbeses”.



- **PODOLOGÍA DEPORTIVA - INFANTIL**
- **CIRURXÍA - DIABÉTICA**
- **GERIÁTRICA - PLANTILLAS**

- **ECOGRAFÍA**

- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

- **ÚLCERAS ARTERIALES - VENOSAS**

R.S. C-27-001184

Carbollo & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12





O FIV pecha a XIX edición cun balance positivo e máis de 7.000 asistentes

O FIV de Vilalba pechou a súa décimo novena edición cun balance moi positivo, reunindo a máis de 7.000 persoas ao longo de toda a fin de semana e consolidándose como unha das citas musicais máis destacadas do calendario galego.

Segundo os datos facilitados pola produtora, o festival xerou un impacto económico próximo ao millón de euros na localidade, tendo en conta o gasto das persoas asistentes en aloxamento, comercio, desprazamentos e outros servizos vinculados á celebración do evento. Durante a rolda de prensa celebrada esta mañá, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, puxo en valor non só os datos de asistencia, senón tamén o ambiente vivido na vila ao longo de toda a fin de semana. "Máis alá das cifras, o que vivimos en Vilalba foi unha fin de semana de moita actividade, de xente nas rúas, de ambiente e de dinamismo. Esa é a mellor mostra de que o FIV funciona e de que ten un impacto real na nosa vila", sinalou.

Rouco destacou tamén a capacidade do festival para atraer público de distintos puntos de Galicia e doutros territorios, convertendo Vilalba nun punto de encontro arredor da música en directo.

"O feito de que as prazas hoteleiras estiveran completas semanas antes é un indicador claro da dimensión que está a acadar o FIV e do seu potencial para xerar oportunidades económicas para o conxunto da veciñanza", engadiu.

Pola súa banda, a concelleira de Cultura, Mónica González, fixo tamén un balance moi positivo desta edición e destacou a importancia de seguir mellorando de cara ao futuro. "O FIV está consolidado e funciona moi ben, pero iso non significa que nos conformemos. Escoitamos sempre os comentarios e as suxestións do público, porque son clave para seguir avanzando e mellorando", dixo. Neste sentido, avanzou que o traballo xa está posto na vindeira cita. "O ano que vén cumprimos 20 anos e queremos que sexa unha edición especial. Imos traballar desde xa para conseguilo", concluíu.

O festival volveu abrir a tempada de música en directo en Galicia cunha programación que combinou concertos nocturnos no recinto do Campo da Feira con actividade durante o día no centro da vila, rexistrando unha gran afluencia de público e un ambiente moi positivo ao longo de toda a fin de semana.



Rouco reclama á Xunta unha nova reunión para falar da estación de bus

A Estación de Autobuses, propiedade da Xunta, está nun estado de abandono que a alcaldesa, Marta Rouco, vén denunciando desde 2024, solicitando sen éxito unha intervención do goberno galego.

Marta Rouco remitiulle unha nova carta á directora xeral de Mobilidade da Xunta, Judit Fontela, na que fai repaso do acontecido desde xaneiro de 2024 e lle reitera "a solicitude dun novo contacto con vostede, de xeito presencial preferiblemente e á maior brevidade posible, pola urxente necesidade de actuar sobre a infraestrutura".

Na carta, a alcaldesa de Vilalba lémbrale que "dende outubro do 2024 envieille varios escritos relacionados coa estación, ademais de varios emails dende xaneiro do 2024 ao respecto de abordar a situación da infraestrutura, en estado de abandono, motivo polo que en outubro do 2024 realizou vostede unha visita á propia instalación, e no mes de xullo do 2025 mantivemos un encontro no que se comprometeu a trasladarme enseguida unha resposta á problemática plantexada".

Por outra parte, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado luns 13 de abril un Plan estratéxico de eficiencia enerxética nas estacións de autobuses da Xunta, co obxectivo de actuar en 19 estacións de autobuses de Galicia, sete delas na provincia de Lugo, cun investimento de 7,7 millóns de euros.

"Sen ter ningunha dúbida das necesidades das infraestruturas referidas, a Estación de Autobuses de Vilalba, hoxe e dende hai tempo en estado de absoluto abandono, podería ter sido incluída no dito proxecto, dadas as actuacións que este contempla e que, polo menos, algunhas delas serían adecuadas á nosa infraestrutura", di Rouco.

A alcaldesa confía "nunha pronta e satisfactoria resposta" por parte da Xunta para darlle solución a un problema grave que preocupa a toda a veciñanza de Vilalba. A Estación de Autobuses de Vilalba, propiedade da Xunta de Galicia, está nun estado de abandono que a alcaldesa, Marta Rouco, vén denunciando desde xaneiro de 2024, solicitando sen éxito unha intervención por parte do goberno galego.

Vilalba vivirá a XII Ruta Turística 4x4 os días 8 e 9 de maio

Vilalba converterase a fin de semana do 8 e 9 de maio no epicentro do motor coa celebración da XII Ruta Turística Vilalba 4x4, organizada polo Club Vilalba 4x4. O evento reunirá a afeccionados ao mundo do todoterreo de toda Galicia e doutros puntos da xeografía estatal.

As actividades comezarán o venres cunha xornada de benvinda que inclúe inscricións e pinchos no Hostal Terra Chá, a partir das 21:30 horas.

O día grande será o sábado 9, cando se desenvolverá a ruta oficial. Os participantes recollerán as credenciais e realizarán a inscrición no Café Bar Decem, para logo iniciar a aventura desde o Campo da Feira de Vilalba. A xornada rematará cunha cena de confraternidade no Restaurante Montero, onde se reunirán todos os participantes para compartir experiencias.

Veciños de Goiriz viaxarán a Chantada e O Saviñao

A Asociación de Veciños de Goiriz participará o 29 de maio nunha excursión destinada a descubrir diferentes enclaves patrimoniais e paisaxísticos de Chantada e O Saviñao.

A actividade contará con 23 prazas e terá saída ás 08.50 horas desde a parada de autobús da Escola Habanera de Goiriz. A ruta, correspondente ao itinerario número 18 do programa provincial, incluírá visitas á igrexa de Santa María de Nogueira de Miño, ao casco histórico de Chantada e á igrexa de San Estevo de Ribas de Miño ou ao pobo de Belesar.

Durante a xornada tamén está prevista a visita a unha adega da subzona de Chantada. A excursión será gratuíta.

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Problemas de Oclusión y Función
- Ortodoncia invisible
- Diseño de sonrisa
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Froes)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

Abre o prazo de inscrición para os campamentos

O Concello, a través do Centro de Información á Muller (CIM), abriu o prazo de inscrición para participar nos Campamentos Urbanos de Verán 2026, unha iniciativa destinada a ofrecer actividades lúdico-educativas ás crianzas do municipio durante os períodos de vacacións escolares, favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral.

A programación desenvolverase do 22 ao 30 de xuño, durante os meses de xullo e agosto, e do 1 ao 9 de setembro, en días laborables. No caso do mes de setembro, as datas poderán ser modificadas en función do calendario oficial do curso escolar 2026-2027 que estableza a Xunta de Galicia. Os campamentos contarán con dúas opcións horarias: de 8:00 a 14:30 horas, con posibilidade de servizo de almorzo, e de 10:00 a 14:30 horas. As actividades desenvolveranse no CEIP A Magdalena e inclúiran propostas educativas, deportivas e de lecer adaptadas a cada idade.

Os obradoiros están dirixidos ás crianzas nadas entre 2014 e 2022, podendo participar tamén menores con discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o límite de idade, ata un máximo de 14 anos ou no ano no que o/a menor cumpra esa idade, sempre que exista informe que acredite a súa capacidade de integración no grupo. O programa oferta 30 prazas nos meses de xuño e setembro e 70 prazas nos meses de xullo e agosto. Para a realización da actividade será necesario un mínimo de 10 inscricións por quenda. Durante xullo e agosto, as familias poderán solicitar a participación por mes completo ou por quincenas.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 25 de maio.

A Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial xa é unha asociación

A Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial aprobou, por unanimidade na súa XX Asemblea, a súa transformación nunha asociación legalmente constituída. A nova entidade, que pasa a denominarse Asociación do Patrimonio Industrial das Pontes, nace como herdeira directa da plataforma, asumindo os seus valores, traxectoria e recursos como base do seu patrimonio inicial.

Esta nova etapa permitirá ampliar o ámbito de actuación da organización, que estenderá o seu traballo á defensa de calquera elemento do patrimonio industrial, non só no ámbito local, senón tamén a nivel galego, estatal e internacional. Entre os acordos adoptados destaca tamén o establecemento dunha

cota anual de 15 euros e a garantía de independencia política da súa xunta directiva mediante declaracións responsables de incompatibilidades.

A asociación manterá como liñas prioritarias a protección e posta en valor de elementos emblemáticos do patrimonio industrial, como a cheminea —para a que continúa en marcha o proceso de declaración como BIC—, o Parque de Carbóns e a Unidade Funcional composta pola torre de refrixeración, a caldeira e a turbina.

Desde a entidade fan un chamamento para que se sumen a este novo proxecto, formalizando a súa adhesión e contribuíndo á conservación dun legado industrial clave para a identidade do territorio.



Declarado o nó eléctrico de transición xusta

O Consello de Ministros declarou a subestación de Maciñeira, nas Pontes, como nó de transición xusta, un paso clave para atraer proxectos industriais vinculados ás enerxías renovables e ao almacenamento enerxético na zona.

Esta medida enmárcase na estratexia de Transición Xusta impulsada polo Goberno central, que busca reactivar economicamente territorios afectados polo peche de centrais térmicas, como é o caso das Pontes. A designación permitirá poñer en marcha un concurso público para adjudicar a capacidade de acceso á rede eléctrica a aqueles proxectos que xeren maior actividade económica e emprego, ao tempo que minimicen o impacto ambiental.

Unha vez aprobada a declaración, será o Instituto para a Transición Xusta o encargado de definir as condicións da poxa e de convocala posteriormente, co obxectivo de captar iniciativas industriais sostibles que contribúan á transformación do tecido produtivo da comarca.

Os chamados nós de transición xusta están pensados para favorecer a implantación de proxectos renovables cun forte impacto económico e

social, garantindo ao mesmo tempo unha redución da pegada ambiental. Neste contexto, o secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, valorou positivamente este avance, que cualificou como un “paso decisivo” para o futuro industrial da zona. Durante unha visita á empresa Prometal, destacou que a nova regulación permitirá axilizar os procedementos, xa que a tramitación destes nós pasará a depender directamente do Consello de Ministros, reducindo así os prazos.

Besteiro subliñou que esta decisión permitirá liberar máis de 2.000 megawatts de capacidade para novos proxectos industriais, o que suporá, segundo indicou, “un impulso definitivo” para a creación de emprego e a implantación de novas empresas nas Pontes e na súa contorna.

Pola súa banda, o alcalde das Pontes e presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, amosou a súa confianza en que esta declaración se materialice de inmediato e destacou a importancia de contar cunha infraestrutura que garanta o subministro enerxético necesario para o desenvolvemento industrial.

DÍA DO LIBRO



O Concello de As Pontes viviu unha tarde marcada pola emoción, a música e a imaxinación con motivo da celebración do Día do Libro 2026. A Biblioteca Municipal converteuse no epicentro dunha actividade cultural que reuniu a numerosas familias e, especialmente, aos máis pequenos e pequenas, protagonistas dunha xornada inesquecible.

RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

construferr

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

As Pontes estrea os días 8 e 9 de maio o novo festival de jazz PULSO

O Concello das Pontes presenta PULSO, un novo festival que nace coa vontade de converterse nun punto de encontro arredor do jazz e da creación contemporánea en Galicia. Durante os días 8 e 9 de maio, o Auditorio Cine Alovi acollerá a primeira edición deste encontro, pensado como un espazo para escoitar con calma e deixarse levar pola experiencia da música ao vivo, afastándose das présas e apostando por unha relación máis íntima co son e cos artistas.

Esta primeira edición reúne tres das propostas máis singulares e atractivas do jazz galego actual, configurando un cartel que destaca pola súa diversidade de linguaxes e sensibilidades.

Desde a reinterpretación de repertorios clásicos de Copos de Avena ata a improvisación contemporánea da Orquestra Galega de Liberación, pasando pola hibridación de xéneros que propoñen Abe Rábade e Antía Muíño, PULSO ofrece unha panorámica rica e aberta da creación musical do país.

A concelleira de Cultura, Lorena Ten-



reiro, sinala que "PULSO nace coa intención de ofrecer unha proposta cultural diferente, centrada na escoita atenta e na calidade artística, creando un contexto no que o público poida conectar coa música dun xeito máis profundo".

Ademais, subliña que "este festival é tamén unha oportunidade para visibilizar o talento musical galego e apoiar proxectos que exploran novas vías dentro do jazz e da creación contemporánea". Na mesma liña, engade que "desde o Concello seguimos traballando para ampliar e diversifi-

car a oferta cultural das Pontes con iniciativas que contribúan a consolidar o municipio como un referente cultural".

A programación comezará o venres 8 de maio ás 20:30 horas con Copos de Avena, un cuarteto que explora a herdanza da música latinoamericana desde a liberdade do jazz, combinando boleros, bossa nova e repertorio contemporáneo nun diálogo entre tradición e vangarda. A continuación, o escenario acollerá o encontro entre Abe Rábade e Antía Muíño, que constrúen un universo sonoro no que conflúen a canción de autor, o jazz e a música tradicional galega a través de piano, voz, guitarra e pandeireta, nunha proposta íntima e sensible.

A segunda xornada, o sábado 9 de maio ás 20:00 horas, estará protagonizada pola Orquestra Galega de Liberación, dirixida por Xacobe Martínez Antelo, unha formación que traballa coa improvisación dirixida a través do soundpainting, un sistema de creación en tempo real que converte cada concerto nunha experiencia única, aberta e imprevisible.

Cohempo recupera a Festa da Tortilla e convoca a Feira de Primavera

A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes, Cohempo, anunciou a recuperación da tradicional Festa da Tortilla Sorpresa, unha celebración gastronómica histórica vinculada á zona do Rego do Muíño e moi presente na memoria colectiva da vila.

O evento celebrarase os días 22 e 23 de maio, datas nas que os locais participantes ofrecerán diferentes propostas de tortilla, algunhas delas con sorpresas gastronómicas para sorprender á clientela. A iniciativa busca recuperar unha das citas culinarias máis lembradas das Pontes e dinamizar a actividade da hostalaría. Desde a organización animan a participar a bares, cafeterías e restaurantes interesados en formar parte desta festa gastronómica.

A asociación tamén puxo en marcha por primeira vez a Feira de Primavera-Mercado de Oportunidades, un evento pensado para dinamizar o comercio local e dar visibilidade aos negocios da vila. A cita celebrarase os días 23 e 24 de maio na carpa instalada no Colexio Santa María.

A iniciativa está dirixida tanto a comercios asociados como a establecementos non asociados, que tamén



poderán participar nesta feira destinada á venda de produtos e á promoción da actividade comercial das Pontes. Dende a organización destacan que o obxectivo é crear un espazo de encontro entre comerciantes e veciñanza, favorecendo o consumo local e ofrecendo novas oportunidades de negocio.

Ademais da actividade comercial, a feira contará cunha programación complementaria para atraer público de todas as idades. Entre as propostas figura a festa da tortilla, así como un espazo infantil pensado para o disfrute dos máis pequenos.

O Poboado das Veigas celebrará tres días de festas

O barrio do Poboado das Veigas acollerá do 29 ao 31 de maio as súas festas cun amplo programa de actividades. As celebracións comezarán o venres 29 coa disputa do maratón de fútbol sala feminino e masculino. A xornada completárase coa actuación de Rockservatorio do Conservatorio das Pontes e cunha verbena amenizada pola orquestra Origen.

O sábado 30 será unha das xornadas máis intensas do programa festivo. Haberá pasarrúas cos Feroes da Galgueira, xogos rurais e competicións de baloncesto feminino e masculino. Ademais, celebrarase unha misa solemne coa participación da Coral de Endesa. A sesión vermú contará coa música do trío Antha e tamén haberá unha gymkana de motos e fogos artificiais. Pola noite, a verbena estará protagonizada polo propio trío Antha e a orquestra Atenas.

As festas rematarán o domingo 31 de maio cunha xornada dedicada ao atletismo e á música. Actuará a Banda de Música Cultural e Recreativa das Pontes e celebrarase unha sesión vermú longa coa orquestra Metrópolis. Ademais, disputaranse as finais do maratón de fútbol sala.

A organización agarda unha importante participación veciñal nunhas festas que buscan consolidarse como unha das citas destacadas.

JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Ramil, Villalba
Casa | 3 Dorm | 2 Baño | 186 m² 59.000 €
A 6 km del centro de Villalba se vende casa rústica a reformar repartida en dos plantas. Planta baixa con cocina, un baño e un espazo sin acondicionar, en el que en el pasado hubo una cuadra. En planta alta hay varias habitaciones e otro baño. Dentro de la finca, además de la casa, hay varias construcciones, garaje, pajar, horno e otras.

C/ Suso Gayoso, Villalba
Casa pareada | 3 Dorm | 1 Baño | 229 m² 100.000 €
En el centro de Villalba se vende vivienda unifamiliar a reformar, de una superficie total construida de 229 m² repartidos entre planta baja, piso y bajo cubierta. Tiene un patio en la parte posterior, en el que hay un pozo.

Cuesta Lugar Veiga-Pq, Villalba
Casa | 4 Dorm | 1 Baño | 260 m² 58.000 €
En la parroquia de San Simon, se vende casa independiente con fachada en piedra, de unos 260 m² repartidos en dos plantas. Precisa amplia rehabilitación. Adosada a la casa hay una palleira de unos 58 m² e un horno. Finca de unos 5600 m². La vivienda dispone de luz e agua de pozo. Pasa la traida de agua en las proximidades de la casa.

Carrizo, Villalba
Casa | 5 Dorm | 2 Baños | 162 m² 63.000 €
En Santaballa, municipio de Villalba, concretamente en el Carrizo, se vende casa de planta baja e piso, en la que hay cinco dormitorios, sala-comedor, cocina, baño e aseo, un garaje e un jardín de unos 140 m². La casa también dispone de horno.

C/ Carmiña Prieto Rouco, Villalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 183 m² 165.000 €
Se vende piso de 4 habitaciones e sala, dos baños, cocina e despensa en el centro de Villalba. Dispone de calefacción central con contador individual, ascensor, dos trasteros e una plaza de garaje. Tiene todos los servicios en sus proximidades.

Penelas, Villalba
Terreno Urbano | 288 m² 50.000 €
Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas e ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo e tres alturas, con un mínimo de bajo e dos alturas.

C/ Galicia, Villalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 95 m² 119.000 €
Tres dormitorios e sala, dos baños e cocina. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, un trastero e una plaza de garaje en el bajo del mismo edificio. Está situado entre el centro e la zona escolar.

O Picoucelo, Xermade
Casa | 3 Dorm | 1 Baño | 180 m² 75.000 €
En la parroquia de Candamil, casa con fachada en piedra, a reformar. Dispone de garaje e varios alpendres aldedor de la misma, agua municipal. Parcela de unos 7700 m². de la cual se podría segregar una parte para hacer otra vivienda, al estar en núcleo rural.

Ronda de la Muralla, Lugo
Local | 96 m² 180.000 €
Próximo al edificio de la Xunta. Local en bruto, superficie útil en planta de 48 m² con altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja e piso con una superficie total en torno a los 100 m². Tiene salida de humos e todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio. También se vende por 4800 euros máis una plaza de garaje pequeña, ubicada en la calle Alta, a unos 200 metros del local.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Plaza de Suso Gayoso n° 14.- Bajo.- 27800 Villalba (Lugo)
Carril de Catasol n° 1.- 1° A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Aproban o regulamento das casas de maiores no pleno da Deputación

A Deputación da Coruña levou ao pleno provincial a proposta para definir o modelo de funcionamento da futura Casa de Acompañamento a Persoas Maiores (CAM) Pardo Bazán das Pontes, a primeira CAM dunha rede que tamén disporá de centros en Ordes e Rianxo e que combina innovación no sistema de cuidados cun compromiso claro: garantir prezos públicos accesibles, adaptados á realidade económica das persoas usuarias.

Un dos piares fundamentais do modelo será a política de prezos, que seguirá criterios propios dos servizos públicos. A Deputación aposta por situar as tarifas das CAM na contorna da media dos centros públicos, afastándose dos prezos do mercado privado -que con frecuencia superan os 3.000 euros ao mes- e incorporando sistemas progresivos que teñan en conta os ingresos e a capacidade económica de cada persoa.

Os modelos públicos apostan por sistemas máis equilibrados. No caso da Xunta de Galicia, as persoas usuarias contribúen ao custo do servizo en función da súa capacida-

de económica, chegando a aboar arredor do 75% dos seus ingresos máis unha porcentaxe do patrimonio, sempre preservando unha parte para gastos persoais.

Pola súa banda, a Deputación de Lugo aplica un modelo progresivo nos seus Centros de Atención ao Maior, cun sistema de prezos que se adapta ás rendas das persoas usuarias. As tarifas máximas sitúanse entre os 1.750 euros para persoas non dependentes e os 2.200 euros para dependentes, pero estas cantidades redúcense significativamente segundo os ingresos. Así, por exemplo, unha persoa cunha pensión non contributiva pode chegar a pagar arredor de 545 euros ao mes, mantendo recursos suficientes para o seu día a día.

Un modelo similar ao da Deputación de Lugo

O sistema aplicado pola Deputación de Lugo é similar ao que aplicará a Deputación da Coruña, con prezos nos que a achega económica das persoas usuarias será proporcional á súa capacidade económica, garantindo que ninguén quede fóra por motivos económicos.

Dimiten 2 edís do BNG por motivos “persoais”

Dous dos tres concelleiros que o BNG ten no Concello das Pontes, Kiko da Silva Vello e Raimundo Carballo, presentaron a súa dimisión como membros da corporación municipal. A renuncia foi comunicada nun pleno extraordinario celebrado para falar do contrato da piscina.

A terceira concelleira nacionalista, Silvia Pardo, tamén ten previsto abandonar a súa acta nas próximas datas, o que deixaría ao grupo municipal do Bloque sen representa-

ción a curto prazo xa que aínda non foron escollidos os seguintes entre os membros da lista. Os motivos expostos nas cartas de renuncia son de carácter “persoal”. Ningún dos dous edís nin a outra concelleira asistiron á sesión plenaria na que se deu conta formal da súa saída.

Desde o BNG, sinalan que estas dimisións responden a un “recambio xeracional” previamente acordado na asemblea local, co obxectivo de executarse antes de rematar a lexislatura.

Ultiman a reurbanización da Praza do Barreiro e avanza outras obras

As obras de reurbanización da Praza do Barreiro encaran xa a súa recta final tras varios meses de execución. Esta intervención, cun orzamento de 372.644,07 euros financiado pola Deputación da Coruña, e adxudicada á empresa Construcciones Fego Atlántico SL, forma parte da estratexia municipal dos últimos anos para mellorar a calidade dos espazos públicos destinados ao lecer e á convivencia cidadá.

O proxecto ten como obxectivo recuperar este espazo emblemático do poboado do Barreiro, transformándoo nun lugar atractivo, inclusivo e ambientalmente sostible e obras contemplan unha actuación integral destinada a transformar a actual Praza do Barreiro nun espazo público máis funcional, accesible, seguro e sostible.

Para iso, definíronse varias liñas de intervención que afectan a distintos ámbitos clave. En primeiro lugar, deuse prioridade á funcionalidade do espazo, reorganizando a súa configuración para fomentar o lecer e a convivencia veciñal, apostando pola creación de novas zonas de estanza e reunión máis acolledoras, así como dunha área de xogos infantís atractiva, todo integrado nunha ampla superficie axardinada, vertebrada por itinerarios peonís que garanten a conexión coa contorna e cos edificios residenciais.

Ademais, mellorouse a accesibilidade, eliminando as barreiras físicas que dificultaban o tránsito, especialmente para persoas con mobilidade reducida. Diseñáronse percorridos accesibles conforme á normativa vixente, escollendo pavimentos seguros e ergonómicos, e facilitando o acceso adaptado a todos os portais das vivendas, garantindo así un espazo inclusivo para toda a veciñanza.

No ámbito da seguridade, o novo deseño reduce os riscos asociados ao uso diario do espazo público, incluíndo unha reorganización clara dos elementos urbanos e unha renovación do sistema de iluminación, que mellora a visibilidade e a percep-



ción de seguridade durante as horas nocturnas.

PAVILLÓN A MAGDALENA. As obras de rehabilitación enerxética do Polideportivo da Magdalena continúan a avanzar a bo ritmo e segundo a planificación prevista.

A actuación, cun investimento de 149.911,99 euros financiado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello das Pontes, ten como obxectivo a mellora integral desta instalación deportiva, construída entre finais dos anos 80 e comezos dos 90.

O proxecto permitirá modernizar o pavillón, mellorar o confort interior e reducir o consumo enerxético, dando resposta ás deficiencias detectadas na actualidade.

ESTACIÓN NAÚTICA. As obras da primeira fase da futura estación náutica do lago das Pontes avanza tamén a bo ritmo, dando pasos firmes cara á

creación dunha infraestrutura chamada a converterse nun referente do turismo activo e sostible no norte da provincia.

Os traballos forman parte dun proxecto cun orzamento de licitación de 340.536,35 euros e enmárcase nunha iniciativa financiada con fondos europeos Next Generation, que mobiliza preto de 3 millóns de euros nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, co obxectivo de impulsar un modelo de turismo sostible e diversificado. Esta primeira intervención céntrase no acondicionamento do terreo, coa execución dunha explanada sobre a que se asentará a estación, así como na habilitación dos accesos á lámina de auga.

O espazo contará cunha zona de escaleiras e bancadas para o acceso de embarcacións de remo, como kaiaks, así como cunha rampla de ata 14 metros de ancho destinada a embarcacións de vela lixeira e lanchas pneumáticas de apoio.



Formación NEWTON		CURSO	INICIO	FIN	MODALIDAD
<p>Rúa Maciñeira Parcela 32, Pol. Sete Pontes 27800 Vilalba (Lugo) - Tlf.: 982 523 238 www.newtonacademia.es</p>		Habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de formación profesional	25/03/2026	06/08/2026	TELEFORMACIÓN
		Transporte sanitario	15/04/2026	07/10/2026	PRESENCIAL
		Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	23/04/2026	14/09/2026	TELEFORMACIÓN
		Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	29/04/2026	28/09/2026	PRESENCIAL
		Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	04/05/2026	23/09/2026	TELEFORMACIÓN
		Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	06/05/2026	27/10/2026	PRESENCIAL

“O museo conta cun fondo duns 4.000 obxectos expostos”

José María López Ferro é o presidente e fundador do Monte Caxado

Este ano celébrase o 40 aniversario da súa apertura, non é? Como foi a súa historia?

O Museo Etnográfico Monte Caxado nace no ano 1985 no Colexio Público Monte Caxado das Pontes de García Rodríguez e ten a súa orixe no proceso de expropiacións levado a cabo por Endesa, que naquel momento estaba en pleno auxe, co obxectivo de evitar que ferramentas, apeiros e útiles que formaban parte da vida cotiá desaparecesen para sempre; cómpre lembrar que nos anos 40 a Empresa Nacional Calvo Sotelo se instalara no concello, pero aínda así mantívase o traballo no agro e nos oficios tradicionais, algo que si mudou de forma radical coa chegada de Endesa nos anos 70, cando se produciu o abandono do campo e dos oficios tradicionais para dar paso a unha forma de vida máis industrial e urbana.

Cóntenos un pouco o que podemos atopar no museo.

O Museo conta na actualidade cun fondo duns catro mil obxectos expostos e unha cifra semellante almacenada por falta de espazo, ademais de dous arquivos destacados, un fotográfico con arredor de 4.000 imaxes antigas e outro documental con máis de tres mil documentos, todos eles procedentes de doazóns de veciños e visitantes; as pezas distribúense en diferentes seccións, na planta baixa atopamos escola e xoguetes, moblaxe, emigración, documentación e agro, nas escaleiras hai selos, moedas, billetes, postais, serranchíns, caza, pesca, forno e armas, mentres que no primeiro andar se recollen ámbitos como relixión e crenzas, indumentaria, tear, liño e la, roupa de cama, maquinaria e



diversos oficios como zapateiros, zoqueiros, electricistas, fontaneiros, ferreiros ou carpinteiros, ademais de espazos dedicados á cociña, a música ou o lavado da roupa, estando todas as pezas inventariadas de forma dixital.

Que actos se van celebrar con motivo do aniversario?

Con motivo do 40 aniversario do Museo estanse a desenvolver distintas actividades como a presentación de libros de varios autores, das que

xa se celebraron dúas no que vai de ano e está prevista outra para o 8 de xuño, así como exposicións temáticas como a recente mostra de pezas de madeira torneadas e talladas e outra en preparación centrada no ferro reciclado de Manuel Armada, ademais da publicación do Caderno do Museo número 8 dedicado a esta conmemoración e que recolle a traxectoria da entidade, sen esquecer a atención continuada ás visitas tanto en horario habitual como a

grupos organizados de colexios, asociacións e excursións.

Como se sostén esta iniciativa?

A iniciativa mantense fundamentalmente grazas ao apoio institucional, en particular ás subvencións da Deputación Provincial da Coruña e do Concello das Pontes de García Rodríguez, que permiten garantir o funcionamento e continuidade do proxecto.

Que proxectos de futuro hai?

No que respecta aos proxectos de futuro, o Museo pretende continuar coa elaboración dos Cadernos, manter a atención ás visitas tanto individuais como concertadas, seguir avanzando no inventariado e na dixitalización de pezas, fotografías e documentos, reforzar a colaboración con outras institucións, continuar coa recuperación de novos materiais para evitar a súa perda e seguir difundindo e poñendo en valor o patrimonio material e inmaterial da contorna.

Ten algunha necesidade?

En canto ás necesidades actuais, a principal é a falta de espazo, xa que sería preciso contar con novas instalacións que permitan expoñer todas as pezas que actualmente se atopan almacenadas e que non poden ser mostradas ao público.

Contan co apoio das institucións?

O Museo conta co apoio do Concello das Pontes para gastos de mantemento e investimento e coa Deputación Provincial para iniciativas como os Cadernos do Museo, o inventariado, a dixitalización e outras actividades, apoio que desde a entidade queren agradecer publicamente; na actualidade o Museo está situado no casco vello, na Vila, concretamente na praza da Igrexa, xunto á Igrexa Parroquial, e depende da Fundación Museo Etnográfico Monte Caxado, ofrecendo visitas de martes a venres de 18.00 a 19.30 horas, sábados, domingos e festivos de 11.30 a 13.00 horas, ademais de visitas para grupos de máis de seis persoas mediante cita previa no teléfono 670 509 697 preguntando por José María.

A Deputación mostra o seu apoio ao museo etnográfico

O presidente da Deputación da Coruña e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou dúas entidades culturais de referencia no municipio que contan co apoio económico da institución provincial: a Banda de Música das Pontes e o Museo Etnográfico Monte Caxado. A xornada comezou no CEIP A Magdalena, onde Formoso, acompañado pola deputada de Cultura, Natividad García, e pola deputada Cristina García, asistiu a un dos ensaios da Banda de Música das Pontes. Posteriormente, a comitiva desprazouse ao Museo Etnográfico Monte Caxado, onde coñeceron o gran labor de conservación e divulgación do patrimonio material e inmaterial da comarca que desenvolve a entidade da man do presidente do padroado, José María López Ferro.

A Deputación da Coruña colaborou o ano pasado co museo cunha achega extraordinaria de 15.538 euros para o desenvolvemento das actividades organizadas con motivo do seu 40 aniversario, centradas na recuperación da memoria colectiva e na posta en valor da historia recente local. Ademais deste convenio, o museo conta co apoio continuado da institución provincial ao longo dos últimos anos, tamén neste 2026 cunha achega de 10.500 euros a través das liñas de subvencións para o desenvolvemento da súa programación cultural, que inclúe iniciativas como publicacións etnográficas, dixitalización de fondos documentais, catalogación de pezas ou exposicións de fotografía histórica.

Formoso destacou que “o Museo Etnográfico Monte Caxado é un proxecto cultural de referencia”, subliñando que “apoiar iniciativas como este museo é tamén apostar por conservar a nosa historia e a nosa identidade e transmitila ás futuras xeracións”.

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS





INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

A Rede Museística lanza o quinto programa Estratexias de Museoloxía Social

A Rede Museística Provincial de Lugo puxo en marcha a quinta edición da iniciativa *Estratexias de Museoloxía social: saúde, cultura de paz e bo vivir*, un espazo de aprendizaxe compartida para reflexionar sobre os retos da museoloxía social.

O programa propón pensar os museos como espazos de acollida e participación, capaces de contribuír ao benestar e á cohesión social, a partir de experiencias reais de museos e institucións culturais de distintos contextos iberoamericanos.

A iniciativa artéllase arredor de metodoloxías e prácticas que xa están a funcionar en institucións de Colombia, Chile, Valencia, Bizkaia o Lleida. Persoas responsables dos proxectos compartirán as aprendizaxes que xeran e os retos que atopan os equipos que traballan no terreo.

O programa inclúe un ciclo de conversas en liña onde as persoas responsables dos proxectos compartirán as aprendizaxes que xeran e os retos que atopan os equipos que traballan no terreo.

Friol revivirá o pasado coa celebración do VIII Friulio os días 9 e 10 de maio

O Concello e a Asociación de Recreación Histórica A Castronela impulsan unha nova edición do Friulio, o encontro entre asociacións castrexas e romanas que converterá a vila nun gran escenario histórico durante a fin de semana do 9 e 10 de maio.

Nesta oitava edición volverán participar agrupacións chegadas de diferentes puntos de Galicia e de España, entidades habituais en eventos de relevancia turística e cultural como o Arde Lucus ou as Guerras Cántabras. En total, o VIII Friulio reunirá máis de 30 asociacións de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, ademais da colaboración das entidades culturais friolesas.

A organización estima a participación directa de máis de 500 persoas entre figurantes e outras funcións ligadas ao desenvolvemento da festa. As principais actividades concentraranse arredor do paseo fluvial, onde se instalarán o asentamento castrexo-galaico e o campamento romano, dous dos grandes atractivos do evento. Ambos espazos poderán



visitarse desde as 11:00 horas do sábado ata as 20:00 horas do domingo. O programa inclúe recreacións da vida nun castro, elaboración tradicional de pan e queixo, desfiles de tropas romanas, demostracións e obradoiros de tear castrexo, fiado, textil e complementos, tiro con arco, xogos populares, gastronomía castrexa e exposición de torques. Na área romana haberá tamén obradoiros de medicina, cuñado de moedas e comercio.

Entre os actos máis agardados volve-

rá destacar o Asedio ao Castro, unha representación do ataque das tropas romanas aos poboados existentes nas terras de Friol. Tamén regresarán citas consolidadas como a Escaramuza Castrexo-Romana e o Descenso en balsa do río Narla, previstas para o sábado pola tarde, así como a Lior-ta polo Tesouro do Castro, que terá lugar o domingo pola mañá.

Como novidade desta edición, tras anos celebrando as Vodas Galaicas, incorporárase un acto de benvinda aos máis novos, descendentes da-

queles enlaces simbólicos. Esta actividade celebrarase o domingo pola mañá e evidencia o crecente protagonismo do público infantil na festa. As propostas desenvolveranse en distintos puntos da vila, entre eles as inmediacións do centro urbano e do paseo fluvial, a avenida de Santiago e a praza de Andón Cebreiro. Ademais, o Concello convoca de novo o concurso de escaparatismo e fachadas entre establecementos e balcóns particulares, cuxos premios se entregarán no acto de clausura do domingo ao mediodía.

Nesa mesma cerimonia terá lugar o nomeamento de Carlos Veiga, exdirector do Colexio Público Integrado de Friol, como Persoeiro de Honra deste VIII Friulio.

A música tamén volverá ocupar un lugar protagonista coa actuación de grupos folk como Xesta Verde, Tympana Gallaica, Son de Lugh, Bloco Meigallo ou a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz. Na noite do sábado subirán ao escenario as formacións La Karaband e Clandestinos.

Presentan o Lar do Regueiro, unha iniciativa de cohousing sénior

Friol acolleu a presentación do proxecto Cohousing Lar do Regueiro, unha iniciativa que o alcalde, José Ángel Santos, definiu como "ilusio-nante" por apostar por un modelo de vida máis sostible, colaborativo e centrado nas persoas. O rexedor destacou que esta proposta representa unha nova maneira de entender a convivencia no rural, combinando independencia e apoio mutuo, ao tempo que contribúe á dinamización. Lar do Regueiro é un proxecto de cohousing sénior situado en Friol e autostestionado por unha cooperativa

galega sen ánimo de lucro. A iniciativa contempla un modelo comunitario con 12 vivendas privadas, complementadas con espazos comúns como cociña, lavandería, biblioteca e ximnasio, ademais de servizos asistenciais orientados a favorecer a autonomía persoal nun contorno rural. Desde o Concello de Friol agradece-ron á Consellería de Política Social, ao director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, ao delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e a todas as persoas implicadas o seu compromiso

e traballo para facer realidade este proxecto. Tamén trasladaron o seu recoñecemento a Lar do Regueiro por escoller Friol como sede desta iniciativa.

No acto participou Antón Acevedo, quen puxo en valor as novas actuacións que sitúan Friol como "exemplo de proxectos que buscan garantir o benestar dos maiores e das persoas con discapacidade". Neste sentido, lembrou tamén a futura residencia para persoas con autismo que está próxima a rematar a súa construción no municipio.



A vila prepárase para a Feira do Cabalo o día 24

O Concello de Friol acollerá o domingo 24 de maio unha nova edición da tradicional Feira do Cabalo, unha das citas ecuestres máis destacadas da comarca. A xornada comezará ás 8:30 horas coa apertura do recinto feiral e continuará coa compra e venda de gando equino, unha das actividades máis esperadas polos asistentes.

Haberá tamén concursos morfolóxicos, nos que se avaliarán exemplares de distintas razas e idades, cunha sección especial para pol-dros de ata dous anos e outra para



exemplares adultos. As probas incluírán categorías como PRG, cruzados, PRE e PRA.

Terá lugar as probas de andadura con distintos niveis de dificultade e premios especiais, para ter, como colofón da feira, un gran espectáculo ecuestre.

Haberá trofeos e premios en metálico para os mellores exemplares e participantes, así como agasallos especiais como sacos de penso e recoñecementos ao propietario con maior número de animais inscritos.



benferreiro b.f.



Distribuidor oficial Hörmann

HÖRMANN



Polígono Industrial As Gándaras
Rúa Juan Jacobo Durán Loriga, 27003, Lugo
e-mail: bf@benferreiro.com
Teléfono: 982 30 39 32

ABADÍN: José María López Rancaño

“Cando unha necesidade queda solucionada é un orgullo persoal e colectivo”

O rexidor de Abadín é un dos máis antigos da provincia de Lugo, tras comezar a súa andaina política da man de Alianza Popular. Mantén no concello un claro bipartidismo, superando nun concelleiro ao partido socialista

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

No ano 1983 presenteime por primeira vez encabeizando a lista de Alianza Popular. Nas seguintes convocatorias (11) sempre encabecei a lista da candidatura do Partido Popular, acadando maiorías.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Teño comentado algunhas veces que, sendo neno, na Pontenova visitaba con frecuencia o Concello e ía xogar cos diversos matuselos que tiña na mesa o secretario, Matías García, que ao mesmo tempo era tío e padriño. Estivera tamén de secretario en Vegadeo e gustábame o que vía.

teño a sorte de ter un apoio constante e enorme.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

A nivel político, a día de hoxe levo 43 anos de alcalde de Abadín, o mesmo tempo 12 anos na Deputación de Lugo, e, ao mesmo tempo, formando parte de Afial, Indudes, Xestur, sendo concelleiro de Caixa Galicia e no comercio lucense.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Evidentemente o primeiro é renovar a confianza de todos os veciños e veciñas do Concello e manter todas as instalacións da terceira idade, centro de día (40 usuarios), Axuda no Fogar (150 usuarios), nova residencia de maiores (40 usuarios), centro médico, colexio, instalacións deportivas, estradas, camiños locais, etcétera.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Con máis de 40 anos de alcalde, os veciños e veciñas coñecen a miña forma de actuar. Ao longo deste tempo o Concello foi evolucionando, tanto en estradas locais aglomeradas (1.000 km), como servizos eléctricos acordes coas necesidades actuais, teléfonos, servizo de internet, etc. Servizos que tiñan moitas deficiencias e hoxe funcionan correctamente. Imos seguir por esta liña, coñezo, e os veciños tamén, as necesidades e, co compromiso de todos e como ata agora, solucionándoas.

Cales considera que son as principais necesidades do seu Concello?

A necesidade máis urxente a día



DATOS

HABITANTES: 2.217.
PARROQUIAS: 19.
EXTENSIÓN: 196 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP e 5 do PSOE
ALCALDE: José María López Rancaño (Partido Popular)
VOCEIRO PSOE: Pablo Díaz

de hoxe é poñer en funcionamento a residencia de maiores; estamos no mellor camiño para que isto se faga realidade moi cedo.

“Con máis de 40 anos de alcalde, os veciños e veciñas coñecen a miña forma de actuar”

De que proxectos se sente máis orgulloso?

De todos eles, cando unha necesidade de calquera índole queda solucionada é un orgullo persoal e colectivo.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Unha persoa asequible, dialogante e que, dentro das súas posibilidades, intenta solucionar os diferentes problemas.

Como é a súa relación coa oposición?

Nun Concello como Abadín, as relacións persoais son boas e a nivel político, todos intentamos facer o que consideramos mellor para os nosos veciños. Ideoloxía aparta de estas consideracións.



EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
74 anos, casado e pai dunha filla
- **Profesión e formación**
Industrial e formación universitaria
- **E si non fora industrial, que lle gustaría ser?**
Empresario
- **Que quería ser de maior**
Arquitecto
- **Que fai para desconectar?**
Visitar lugares e países
- **Unha virtude e un defecto**
A paciencia, que che permite escoitar e actuar con calma. O defecto é que ás veces fáiseme difícil cambiar de opinión, cando sería o mellor
- **Un consello para compartir**
Non tomar decisións importantes cando se está canso, enfadado ou con présa
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
Los puentes de Toko-Roi e a música de Simon And Garfunkel
- **Unha afección**
Os rallies e os coches
- **Un lugar que visitar**
O Concello, tanto as parroquias de montaña como as da

- Terra Chá
- **Unha comida e unha bebida**
Non teño preferencia, gústame todas. De bebidas, son gran consumidor de auga
- **Unha persoa admirada**
O meu pai
- **Unha posesión prezada**
O máis valioso é aquilo que non se pode substituír
- **Un desexo**
Vivir con tranquilidade, saúde e rodeado das persoas que quero
- **Algo para esquecer**
Si un o realiza convencido non se pode arrepentir
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
Que diga o que pensa, e actúe en consecuencia, incluso cando no e o mais fácil
- **Un desafío pendente**
Que o progreso se note en todas as parroquias e xerar máis oportunidades para a xente moza.
- **Onde se ve en cinco anos?**
Habendo cumprido co que prometín, un Concello con mellores servizos e máis oportunidades. E no persoal onde sexa máis útil

“A necesidade máis urxente a día de hoxe é poñer en funcionamento a residencia de maiores; estamos no mellor camiño para que isto se faga realidade moi cedo”

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

No meu caso, non supón sacrificio. Calquera outra actividade que un desenvolva e que realice con ilusión non supón sacrificio. Todo o contrario. É unha satisfacción.

Como equilibra a vida pública e privada?

Con toda naturalidade, na casa

Adxudican obras por máis de 320.000 euros para mellorar camiños

O Concello de Abadín vén de adxudicar unha nova actuación destinada á mellora das infraestruturas municipais por un importe total de 320.527,01 euros, nun paso máis dentro da súa estratexia de investimento en servizos básicos e acondicionamento do territorio.

A execución das obras correrá a cargo da empresa Construcciones Cholo S.L., unha firma con experiencia no sector, que será a encargada de levar a cabo os traballos previstos en diferentes puntos do municipio.

A intervención estrutúrase en dous proxectos diferenciados centrados na pavimentación e mellora da drenaxe de camiños. Por unha banda, actuarase nas zonas da Graña e Moncelos, cun investimento de 118.000 euros. Pola outra, o resto do orzamento, que ascende a 202.506

euros, destinarase a actuacións nas parroquias de Abadín, Candia, Castromaior, Fanoi, Goás e Baroncele.

Estas obras teñen como obxectivo principal mellorar o estado dos viarios municipais, facilitando a mobilidade e garantindo unhas mellores condicións de uso, especialmente en zonas rurais onde este tipo de infraestruturas resulta esencial para o día a día da veciñanza.

Desde o Concello destacan que esta actuación permitirá avanzar no acondicionamento de espazos públicos e na mellora dos servizos, contribuíndo directamente á calidade de vida da poboación. Neste sentido, o goberno local subliña que continuará apostando por investimentos que teñan un impacto directo no benestar da cidadanía e no desenvolvemento equilibrado do municipio.

O festival Rumboia Viva completa o cartel con tres actuacións máis

A asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, continúa a desvelar a composición do cartel do desta cuarta edición do festival Rumboia Viva, que se celebrará o sábado 27 de xuño na localidade e que xa ten dous artistas máis confirmados.

Consolidado xa como unha proposta cultural destacada na comarca da Terra Chá e como elemento dinamizador do turismo e da economía local, a cita conta co apoio da Xunta de Galicia e do Concello, entre outras entidades.

O festival caracterízase por dar o protagonismo a grupos e artistas da comunidade. Na edición deste ano está confirmada xa a participación dos galegos Caamaño & Ameixiras e Ulex, ademais do grupo vasco La Txama. A estes sumáronse



tamén Boyanka Kostova, que presenta X, e a dj Bea Fernandes, que será a encargada de poñer ritmo ao intermedios.

A programación completárase con outras actividades lúdicas, como xogos e obradoiros.

O evento celebrarase no campo da feira de Gontán, con entrada de balde.

Organizan unha andaina por etapas polo Camiño Xacobeo

Abadín pon en marcha unha nova andaina por etapas polo Camiño de Santiago que permitirá ás persoas participantes completar o percorrido ata a Catedral de Santiago ao longo de varias xornadas.

A actividade desenvolverase entre o 24 de maio e o 5 de xullo, estruturada en sete etapas. O itinerario comezará o 24 de maio co tramo Abadín-Vilalba e continuará o 31 de maio entre Vilalba e Baamonde. Xa en xuño, as etapas serán Baamonde-Miraz o día 7, Miraz-Sobrado dos Monxes o día 14, Sobrado-Arzúa o 21 e Arzúa-Monte do Gozo o 28. A última xornada, prevista para o 5 de xullo, cubrirá o tramo final desde Monte do Gozo ata Santiago.

Todas as etapas contarán con servizo de transporte en autobús, con saída desde a praza de Abadín ás 8.00 horas e regreso ao finalizar cada percorrido.

Gontán estará de festa o 9 e 10 cun amplo programa

A parroquia de Gontán acollerá os días 9 e 10 de maio as tradicionais festas na honra á Virxe da Fátima, cun programa que combina actos relixiosos e actividades musicais.

A xornada do sábado 9 comezará con pasarrúas a cargo da A.C. de Andrade de Vilalba. Ao mediodía, ás 13:15 horas, celebrarase a misa solemne seguida da procesión, tras a cal terá lugar a sesión vermú amenizada pola orquestra Acordes. Xa pola noite, a verbena estará protagonizada

da polo grupo asturiano Foliha, que compartirá escenario con Acordes.

O domingo 10 de maio continuará a celebración con pasarrúas a cargo de Batifoula. Ás 13:15 horas terá lugar a misa cantada e a correspondente procesión, seguida dunha sesión vermú que contará coa actuación do dúo Eclipse.

A organización destaca que o recinto contará con campo cuberto con carpa e haberá colchonetas gratuítas para os nenos durante as xornadas.

PABLO DÍAZ REVALIDA Á FRONTE DO PSOE



A Asemblea Extraordinaria da agrupación socialista de Abadín acordou a elección e constitución da nova Comisión Executiva Municipal, elixindo a Pablo Díaz López, actual voceiro socialista no concello, como novo secretario xeral do PSdeG local.

Abre o prazo de solicitudes para o PAI

Abriu o pasado sábado 2 de maio en Abadín o prazo de solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso no Punto de Atención á Infancia para o vindeiro curso 2026/2027. Estas deberán realizarse ata o 31 de maio.

O modelo de solicitude facilitarase no Punto de Atención á Infancia do Concello de Abadín, e presentarase no antedito centro xunto coa documentación sanitaria e económica pertinente. Para calquera consulta ou aclaración, serán atendidos no Punto de Atención á Infancia.

<p>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</p> <p>NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES</p> 	<p>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</p> <p>CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS</p> 	<p>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</p> <p>JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS BZ TIMKEN</p>	<p>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</p>  <p>Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY.</p>	<p>RYS SESACAR</p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com</p>
---	--	--	---	--

Celebrarán este mes un obradoiro sobre internet seguro

O Concello acollerá durante o mes de maio un obradoiro centrado no uso seguro de internet para menores, unha iniciativa destinada a fomentar boas prácticas dixitais e concienciar sobre os riscos e oportunidades do entorno en liña. A actividade desenvolverase no Aula Cemit do Centro Sociocultural Avelino Díaz.

O curso celebrarase os días 18, 21, 25 e 28 de maio en horario de 17:00 a 20:00 horas. A formación forma parte do programa YoConecto.org, unha iniciativa que impulsa cursos presenciais gratuítos adaptados a todos os niveis e que inclúe certificación para os participantes.

O obradoiro busca ofrecer ferramentas útiles para mellorar a seguridade dixital da infancia e adolescencia, abordando cuestións relacionadas coa protección de datos, o uso responsable das redes e a prevención de riscos en internet.

As persoas interesadas en participar poden obter máis información e realizar a súa inscrición contactando con Vanesa no teléfono 646 218 296.

FESTAS EN GALEGOS. A parroquia de Galegos celebra o sábado 16 de maio as súas festas na honra da Ascensión.

As celebracións darán comezo ás 13.45 horas cunha misa solemne seguida de procesión e sesión vermú, que estará ao cargo do grupo Madastour.

Pola noite ese mesmo grupo amenizará a verbena, que se completará cun espectáculo do grupo de baile de Galegos.



Remata con éxito unha completa Feira do Ferro

Riotorto reafirmou este ano o valor do seu oficio máis representativo cunha Feira do Ferro que destacou pola elevada afluencia de público e pola ampla participación ao longo de toda a xornada. A cita, consolidada como un dos eventos máis relevantes do municipio, reuniu a centos de persoas que se achegaron para coñecer de preto o traballo dos ferreiros e gozar das múltiples actividades programadas.

A edición deste ano volveu poñer de manifesto a boa saúde desta tradición artesanal, cun programa que combinou demostracións en directo, obradoiros e propostas para todos os públicos. Especial protagonismo tiveron os máis pequenos, que puideron participar en actividades pensadas para achegalos ao oficio, elaborando as súas propias pezas e descubrindo o traballo do ferro dun xeito lúdico. O mercado artesanal tamén contou cunha notable presenza de postos, nos que, ademais da forxa, se puideron atopar produtos doutros oficios tradicionais, así como artigos do campo, configurando unha oferta variada e atractiva para os visitantes.

Durante a xornada tamén se contou coa presenza de diversas autoridades, que participaron nos actos organizados e destacaron a importancia de iniciativas como esta para dinamizar o rural e preservar o patrimonio cultural. O pregón correu a cargo do actor Luis Iglesia, quen puxo en valor o traballo dos ferreiros como símbolo de esforzo, dedicación e compromiso coa tradición.

A feira serviu tamén para reivindicar o papel histórico deste oficio, profundamente ligado á identidade de Riotorto e presente en numerosas referencias culturais e mitolóxicas. Nun contexto marcado pola modernización e os cambios sociais, a continuidade destas prácticas artesanais evidénciase como un exemplo de resistencia e adaptación.

O balance final da xornada foi moi positivo, tanto pola participación como pola implicación da veciñanza e da organización, que lograron converter unha vez máis a Feira do Ferro nun escaparate destacado da artesanía galega e nun punto de encontro para reivindicar o valor do traballo tradicional.



Finalizan as obras de ampliación e mellora de dúas pontes na localidade

O Concello vén de rematar as obras de ensanchamento e mellora da seguridade en dúas pontes de vías municipais, unha actuación destinada a garantir o correcto tránsito de vehículos e incrementar a seguridade nestas infraestruturas.

Os traballos realizáronse no marco do proxecto de ampliación e acondicionamento de dúas pontes situadas, por unha banda, no lugar da Ferrería de Abaixo, na parroquia de Santa Marta de Meilán, e, pola outra, no lugar de Carboeiro, na parroquia de San Pedro de Riotorto. Ambas estruturas permitían salvar cursos fluviais e presentaban limitacións importantes para a circulación.

Antes da intervención, as dúas pontes atopábanse nun estado de conservación deficiente e cun ancho reducido —de arredor de tres metros nun caso e de 2,70 metros no

outro—, insuficiente para os requirimentos actuais do tráfico. Ademais, carecían de elementos de protección lateral, o que supuña un risco para a seguridade viaria.

A actuación permitiu mellorar tanto o ancho das infraestruturas como as condicións de seguridade, ao tempo que se acondicionou o entorno máis inmediato, contribuíndo a unha mellor integración coas vías municipais, recentemente pavimentadas.

A obra foi adxudicada pola Xunta de Goberno Local á empresa Aglonorte Sostible S.L., que presentou a mellor oferta económica nun proceso no que tamén participaron outras dúas firmas do sector. O importe final da actuación ascendeu a 30.631,15 euros, IVE incluído.

Con esta intervención, o Concello de Riotorto dá resposta a unha necesidade existente na rede viaria municipal.

A comisión festiva de San Cristovo volve convocar a popular ‘Caca da vaca’

O municipio volverá vivir unha das súas citas máis singulares e participativas coa celebración da festa coñecida como *A caca da vaca* organizada pola comisión de festas de San Cristovo. O evento terá lugar o vindeiro sábado 23 de maio no campo de fútbol A Veiga, nunha xornada que mestura diversión, sorte e ambiente festivo. A actividade, que cada ano atrae a numerosos participantes, consiste nun xogo no que se dividen parcelas no terreo e o azar determina o gañador. O premio, que ascende a 3.000 euros, será para a persoa que posúa a parcela na que finalmente se produza o feito que dá nome á festa, convertendo esta proposta nunha das máis orixinais do calendario local.

A cita desenvolverase entre as 19:00 e as 22:00 horas, nun horario pensado para facilitar a asistencia tanto da veciñanza como de visitantes. Ademais do propio xogo, a organización habilitará servizo de barra e música a cargo dunha discoteca móbil, contribuíndo a crear un ambiente animado ao longo de toda a tarde e noite.

Desde a comisión de festas destacan o carácter lúdico e participativo desta iniciativa, que busca ofrecer unha alternativa de lecer diferente e reforzar a convivencia. No caso de que ao remate do horario previsto non se produza o desenlace, está contemplada a realización dun sorteo entre as parcelas para determinar o gañador.



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465



Amancio Prada ofrecerá o 6 de agosto un concerto

Amancio Prada e a Deputación presentaron o concerto *Místicos y románticos*, un recital único que o recoñecido cantautor ofrecerá o 6 de agosto na igrexa de Santa María. O deputado Pablo Rivera destacou que a Deputación de Lugo, xunto co Concello de Meira e a Cofradía Nosa Señora do Pedregal, fan posible esta iniciativa cultural que “xunta música e identidade, poñendo en valor o patrimonio e contribuíndo á dinamización social e económica do rural”. *Místicos y románticos* propón unha viaxe musical íntima na que Amancio Prada, acompañado unicamente

pola súa voz e guitarra, interpreta textos da obra de catro figuras universais da literatura: os místicos Santa Teresa de Jesús e San Juan de la Cruz, e os grandes referentes do romanticismo, Rosalía de Castro e Gustavo Adolfo Bécquer.

O concerto terá lugar o 6 de agosto na Igrexa de Meira, cun único pase ás 21:00 h. O concerto de agosto preséntase como unha das citas culturais máis destacadas do verán na provincia, unindo patrimonio, espiritualidade e excelencia musical. As entradas están dispoñibles en Ataquilla e na oficina de turismo.

A Deputación inicia as obras de mellora do firme en tres estradas

A Deputación Provincial de Lugo vén de poñer en marcha varias obras de mellora do firme en tres estradas provinciais que discorren polo concello de Meira, dentro dun plan de actuación que busca optimizar, de novo a seguridade e o estado da rede viaria da zona.

As intervencións afectan á LU-P-3003, que une a vila de Meira coa N-640 á altura de Leiras e será renovada na súa totalidade; á LU-P-3005, entre Couso e Vilar de Corota, que tamén será acondicionada por completo; e á LU-P-4806, que conecta Vilaxe con Galegos e Ribeira de Piquín, e que será rehabilitada no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 14,6 e 20,3 dentro do municipio.

Os traballos abranguen tres das seis estradas provinciais que atravesan Meira e contan cun investimento de 221.397,2 euros

por parte da institución provincial. Nestes días iniciáronse as primeiras actuacións coa reapertura de cunetas, e o proxecto inclúe tamén a reparación de danos no firme, a repavimentación e a renovación da sinalización vertical. A empresa encargada da execución é Construcciones Carballeira SL, que dispón dun prazo de mes e medio para completar as obras.

Estas vías desempeñan un papel esencial tanto na mobilidade interna do municipio como na conexión comarcal, ao vertebrar o territorio e facilitar o acceso entre parroquias e núcleos dispersos de poboación. Ademais, resultan fundamentais para a comunicación entre explotacións agrícolas e gandeiras, polo que esta actuación permitirá mellorar de forma significativa a seguridade e a comodidade de ducias de veciños e veciñas.

A Confraría celebrará a súa XIV Xuntanza en San Xulián de Baltar

A Confraría de Meira organizará o vindeiro 17 de maio a XIV edición da súa tradicional xuntanza, que terá lugar no Santuario de San Xulián de Baltar. A cita estará aberta tanto para socios como para persoas non asociadas que desexen participar nunha xornada de convivencia, natureza e tradición.

O programa arrancará cunha andaina desde Meira ata Baltar, con dúas rutas dispoñibles: unha curta de 8,5 quilómetros e outra longa de 12,5 quilómetros que incluírá a visita ao Castro de Saa. A organización destaca que a actividade busca combinar convivencia e fe nun entorno natural.

Ás 13:00 horas celebrarase unha misa no santuario e posteriormente terá lugar un xantar de confraternidade na contorna da capela. A xornada rematará cunha actuación musical e unha sesión festiva para todos os asistentes.

Os prezos establecidos son de 20 euros para socios e 30 euros para non socios. Os tickets poden adquirirse na Panadería Muriato e na Oficina de Turismo de Meira.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol



O Concello recibe unha subvención para a mobilidade e reciclaxe

A Xunta de Galicia, a través de Agader concedeu ao Concello unha subvención do 100 %, para un proxecto de Mellora da Accesibilidade, Mobilidade, Sinalización e Reciclaxe de Residuos no Conxunto Histórico.

A actuación que conta con un orzamento de 152.629,40 euros e que resultou beneficiada co 100% do importe subvencionado, cun máximo de 100.000 euros, está destinada a mellorar as beirarrúas e accesibilidade na Praza Maior por ambas marxes ata a rúa Poeta Crecente Vega na Ponte sobre o río Azúmara. Tamén engade os accesos á Praza da Igrexa e rúa Amigos da Feira, na que se inclúe a renovación do firme ata o tramo da Antiga Feira.

Na actuación tamén se mellorará a sinalización horizontal e vertical, cambiando sentidos de circulación de vehículos e favorecendo o tránsito peonil.

Ademais, crearase un itinerario peonil que atravesará a Praza Maior, coa colocación de dous aparcadoiros de bicicletas na Praza Maior e na rúa Amigos da Feira, renovando

a instalación do alumeadado público, reorganizando os puntos de recollida de lixo e creando unha zona axardinada na rúa Amigos da Feira. A mellora de beirarrúas contempla a adaptación das mesmas á normativa vixente de accesibilidade, incrementando a súa anchura nos puntos onde sexa posible, creando vados peonís e itinerarios continuos que permitan desprazarse polo núcleo.

A sinalización horizontal e vertical da zona de obras será mellorada mediante a colocación de novos elementos que regulen o tráfico de vehículos nunha dirección e limiten a velocidade de circulación para favorecer o calmado do tráfico. Igualmente pintaranse e sinalizaranse novos pasos de peóns e se renovará a sinalización horizontal e vertical de aparcadoiros reservados a persoas con mobilidade reducida. En materia de recollida de residuos preténdese establecer un único punto de recollida de lixo na contorna da Praza Maior, situado na marxe dereita integrado no entorno e que reduza o impacto visual.

Castro de Rei inviste uns 280.000 euros na rexeneración de estradas

O Concello está a executar un conxunto de actuacións de rexeneración e mellora das vías cun investimento total de 282.736 euros, repartido entre distintas parroquias do municipio. Estas intervencións teñen como obxectivo principal garantir o bo estado da rede viaria e facilitar os accesos tanto á veciñanza como ás explotacións agrogandeiras.

Unha parte dos traballos lévase a cabo con cargo ao Plan Camiña Rural 2025-2026 de Agader, cun investimento de 115.000 euros destinado á rexeneración de vías de titularidade municipal nas parroquias de Orizón, Pacios e Ponte de Outeiro.

Por outra banda, ao abeiro do Plan Único da Deputación correspondente ao ano 2025, están en marcha obras de pavimentación, rexeneración e mellora de camiños nas parroquias de Triabá, Duarría, Loentia, Ludrio, Balmonte, Bazar, Outeiro, Pacios e San Martiño de Goberno, cun



orzamento de 163.758 euros.

Dende o goberno local subliñan a importancia de manter en boas condicións as vías municipais, especialmente nun concello cunha ampla dispersión territorial e cun importante peso do sector primario. Neste sentido, destacan que estas actuacións resultan fundamentais para garantir a mobilidade no rural e facer fronte ao desgaste que sofren os camiños tanto polo tránsito

continuado como polas condicións meteorolóxicas adversas, especialmente durante os meses de inverno e primavera, cando as choivas intensas provocan danos significativos na rede viaria.

As actuacións enmárcanse na estratexia municipal de conservación e mellora das infraestruturas básicas, co fin de asegurar a funcionalidade e seguridade das comunicacións no conxunto do territorio.

Solicitan a cesión da estrada entre Castro Ribeiras de Lea e Matodoso

O Concello solicitou perante a Deputación a cesión dunha franxa de terreo na parcela da Granxa Gaioso Castro, paralela á estrada municipal que une esta localidade con Matodoso, coa finalidade de ampliar a vía municipal no ancho suficiente para permitir o correcto tránsito de vehículos e peóns.

Dende o Concello mantiveron unha reunión coa presidenta da Deputación en semanas pasadas na que lle

propuxeron a necesidade municipal para ámbalas dúas localidades, así como o feito de que o Concello levaba varios anos intentando unha reunión co anterior presidente do ente provincial, sen ter a posibilidade de conseguilo.

O proxecto que ten o Concello para a estrada que une Castro con Matodoso, que conta con unha lonxitude de 2 quilómetros, consiste en ampliar a mesma nunha anchura de 4 metros

coa finalidade de aumentar o ancho dos carrís, así como unha zona peonil en toda a marxe dereita da estrada que facilite o tránsito peonil, logrando con iso unha vía máis accesible, máis segura e facilitando unha mellor comunicación.

Xunto coa solicitude de cesión, o Concello remitiu a planimetría correspondente na que se especifica o ancho solicitado na parcela da Deputación Provincial.

Luz verde da Xunta para a creación da Colección Margarita Ledo

O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo para a creación e cualificación da Colección Museográfica Margarita Ledo Andión, xestionada pola fundación homónima e que pasará así a integrarse no Sistema galego de centros museísticos. Trátase dun espazo que estará dispoñible no concello de Castro de Rei e que estará dedicado a difundir o coñecemento da figura da escritora e cineasta e do seu legado literario, artístico, fotográfico e filmográfico, converténdose no primeiro centro museístico do sistema dedicado a unha intelectual contemporánea.

Para a súa incorporación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tivo en conta o papel do centro como dinamizador da vida social e cultural da vila de Castro de Rei, esencialmente rural, achegando a toda a comarca a obra de artistas do panorama actual xa recoñecidos e outros que empezan a destacar, e favorecendo a inclusión neste territorio, en liña cos obxectivos da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Deste xeito, esta nova incorporación súmase ás 23 coleccións rexistradas actualmente nesta rede e que se

corresponden con aquelas que, sen reuniren os requisitos propios para funcionar como un museo, si cumpren con criterios museográficos, aos 71 museos e aos catro centros de interpretación do patrimonio cultural existentes na nosa Comunidade.

A colección museográfica Margarita Ledo está formada por obras de arte contemporánea de artistas, tanto galegos como nacionais e internacionais, e inclúe pinturas, gravados, fotografías, esculturas, cerámicas e fondos filmográficos. Conta, ademais, cunha importante biblioteca.

AXENDA DE ACTIVIDADES

NOITE DOS MUSEOS. O Museo do Castro de Viladonga celebrará o sábado 9 de maio a Noite dos Museos. A xornada dará comezo ás 17.00 horas con xogos e obradoiros ambientados na época galaico-romana, actividades que estarán dirixidas por Miriam Fernández e Rubén Carricoba, de Clío Xestión Cultural. Ás 18.00 horas será a quenda da actuación musical de Os do Campo, mentres que ás 19.00 horas subirán ao escenario Fransy González e Davide Salvado, dous recoñecidos nomes da música tradicional galega. A programación concluirá ás 20.30 horas cun encontro arredor de petiscos, bebidas e queimada.

XORNADA DE CONVIVENCIA. As ANPAS do CEIP Veleiro Docampo e do CEIP Ramón Falcón celebrarán o sábado 16 de maio unha xornada de convivencia no aeródromo de Rozas dirixida ás familias socias de ambas asociacións. A actividade comezará ás 16:30 horas e contará con distintas propostas lúdicas e educativas. Durante a tarde, os asistentes poderán visitar o hangar do aeródromo e os nenos e nenas terán a oportunidade de subir nos helicópteros. Ademais, organizaranse xogos ao aire libre e haberá unha merenda para todos os participantes. As familias deberán desprazarse polos seus propios medios ata o aeródromo de Rozas.



Cabreiros acolle este mes as Xornadas Interxeracionais Rurais

A parroquia de Cabreiros, no concello de Xermade, será escenario ao longo do mes de maio dunha nova edición das Xornadas Interxeracionais Rurais Aprendendo cos nosos maiores, unha iniciativa organizada pola Asociación de Veciños de Cabreiros en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). O programa inclúe actividades culturais, educativas e participativas que buscan poñer en valor o coñecemento tradicional e fomentar o intercambio entre xeracións.

A programación dará comezo o 9 de maio ás 10:30 horas coa inauguración oficial das xornadas, seguida dunha exposición titulada A pedra seca, presentada por Marisa Barreiro e impartida por Xosé Manuel Irimia Vázquez, que permanecerá aberta durante os tres días na Casa-Escola de Cabreiros. A xornada completárase coa presentación do libro A noite que se foi a luz, do autor Manuel Castro Santamarina, e cun mercado de produtos artesanais pola tarde, no que participarán diferentes produtores locais.

O 16 de maio, coincidindo coa cele-

bración do Día das Letras Galegas, as actividades centraranse na figura de Begoña Caamaño. O programa inclúe intervencións de distintas persoas expertas, lectura de textos por parte do club de lectura de Cabreiros e unha representación teatral a cargo do alumnado do CEIP Plurilingüe de Xermade. Pola tarde proxectárase a curtametraxe A rosa incandescente, coa participación do guionista Anxos García Fonte, e celebrárase un obradoiro de debuxo impartido por Leandro Lamas.

As xornadas concluirán o 23 de maio cunha sesión dedicada á historia local baixo o título Xermade na historia, que incluírá a presentación do cuarto libro dos premios Xermade na Historia. Durante esta xornada daranse a coñecer diversos traballos premiados en edicións recentes, centrados en aspectos demográficos, sociais e culturais do municipio. O peche oficial das xornadas terá lugar ás 13:00 horas.

Esta iniciativa consolídase como un espazo de encontro e aprendizaxe compartida, no que se reivindica o valor da memoria colectiva.

Celebración polos 100 anos de vida do Sindicato e os 30 de Amuraxe

A asociación Amuraxe organiza en Xermade unha destacada xornada festiva para conmemorar un dobre aniversario moi especial: os 100 anos de historia do Sindicato e os 30 anos da propia entidade. A celebración terá lugar o sábado 6 de xuño de 2026 na Praza do Concello, cun programa pensado para reunir á veciñanza arredor da música, a gastronomía e a convivencia.

A xornada comezará ás 13.30 horas cun acto de benvinda no local do Sindicato, ao que seguirá unha sesión vermú amenizada polo grupo Lusco e Fusco. Posteriormente, ás 15.00 horas, celebrárase un xantar popular cun menú composto por empanada, paella, carrilleiras, sobremesa, café e li-

cores. O prezo será de 30 euros, mentres que os nenos e nenas ata 12 anos poderán asistir de balde. Xa pola tarde, a festa continuará coa actuación da solista María e unha verbena que se prolongará ata ben entrada a noite, mantendo o ambiente festivo "ata que o corpo aguante".

As persoas interesadas en asistir poden adquirir as súas entradas a través dos membros da directiva de Amuraxe ou en distintos establecementos de Xermade, como Xermade Alimentación, Bar Casal, Bar Pita e Comercial Pita.

Desde a organización animan á participación nesta cita sinalada, que busca celebrar a historia compartida e reforzar os lazos da comunidade local.

Cazás convoca o 30 de maio unha gran xuntanza popular

A parroquia de Cazás acollerá o 30 de maio unha Xuntanza Popular no Campo da Pastora. A programación arrancará ás 12.30 horas cunha misa solemne. A continuación celebrárase a sesión vermú, que estará amenizada polo dúo Primera Línea. Posteriormente será o xantar popular. Durante a tarde haberá animación musical a cargo do DJ Señor Magick e actividades para o público infantil organizadas por Ita Animación. Ademais, os asistentes poderán seguir en directo a final da Champions League e participar nos sorteos previstos pola organización.

A partir das 21.30 ofrecerase unha degustación de liscos e chourizos antes de dar paso á verbena, que contará coa actuación do DJ Señor Magick e do dúo Primera Línea.

Veciños de Roupar organiza unha viaxe á Costa da Morte

A Asociación de Veciños de Roupar organizará o 23 de maio unha excursión á Costa da Morte e ás fervezas do Ézaro. A actividade inclúe o desprazamento en autobús durante todo o percorrido, guía acompañante, xantar en restaurante, entrada ao Museo do Encaixe e visitas a Camariñas, Fisterra e O Ézaro, ademais do seguro de viaxe.

O prezo da excursión será de 30 euros para as persoas socias e de 40 euros para as non socias. A saída está prevista ás 08.00 horas desde a Escola da Casanova.

As persoas interesadas en participar poderán formalizar a súa inscrición no 608 83 51 65 ou no 678 06 31 11.

VISITA A MEIRA



A Asociación de Maiores de Momán desenvolveu unha actividade formativa baixo o título *Viaxar amplía horizontes*, centrada no coñecemento do territorio e do patrimonio natural galego. A xornada iniciouse coa visita á exposición *O río que nos move*, e continuou cunha visita ao Pedregal de Irimia.

DESEÑAMOS PROXECTOS MODULARES PERSONALIZADOS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com



Reabre ao tráfico a ponte da Balsa tralo seu arranxo

A Deputación reabriu ao tráfico a estrada LU-P-6502, que conecta Vilalba e Chavín pola Balsa, tras o arranxo da ponte no termo municipal de Muras. A circulación quedou restablecida, apenas unhas semanas despois do inicio dos traballos de reparación, que colapsara á altura do quilómetro 22,2 a causa dos temporais.

As obras contaron cun investimento da institución provincial que superou os 27.000€. O proxecto incluíu, por unha parte, na desmontaxe e demolición da antiga ponte, e por outra as actuacións para a construción da nova: saneo do terreo,

cimentación, colocación dos marcos prefabricados, execución dunha soleira empedrada na parte interior e impermeabilización da exterior, execución dun sistema de drenaxe e aletas, reconstrución do firme e instalación de barreiras de seguridade. Comezaran agora outras obras para a mellora do firme nun tramo de seis quilómetros desta estrada, unha actuación que forma parte dun proxecto máis amplo que inclúe, ademais, a rehabilitación doutro treito ao inicio da LU-P-3402, que conecta A Gañidoira coa parroquia do Viveiró cun orzamento de 250.000€.

Muras amplía o prazo para solicitar as axudas das facturas eléctricas

O Concello ampliou ata o 15 de maio o prazo para que veciños e pequenas e medianas empresas poidan solicitar axudas destinadas a sufragar o pagamento das facturas eléctricas correspondentes ao ano anterior.

A convocatoria, que se mantivo activa durante todo o mes de abril, contempla dúas liñas diferenciadas que incrementan a súa contía respecto a edicións anteriores. Por unha banda, establécese unha axuda para consumo doméstico cun máximo de 800 euros, mentres que no caso das pemes o límite ascende ata os 1.700 euros.

As persoas interesadas poderán presentar a documentación tanto no rexistro do Concello como a través da sede electrónica muni-

cipal. Entre os requisitos figuran a solicitude formal segundo o modelo publicado no Boletín Oficial da Provincia da Deputación de Lugo, acompañada do DNI da persoa solicitante.

Tamén será necesario achegar as facturas de consumo eléctrico correspondentes ao ano 2025, un certificado da conta bancaria onde se ingresará a axuda e unha copia da declaración do IRPF do exercicio 2024. Ademais, deberán incluírse os certificados de salarios, pensións ou subsidios procedentes do estranxeiro, no caso de existiren.

Por último, esíxese acreditar que se está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Atriga, así como coa Seguridade Social e co propio Concello de Muras.

Invisten en accesos no rural uns 440.000 euros

Muras deu un novo paso para a execución de obras de mellora na rede viaria municipal tras aprobar en pleno extraordinario o inicio do proceso de licitación dun proxecto valorado en 439.924,81 euros. Estes traballos financiaranse con cargo aos máis de 500.000 euros que lle corresponden ao municipio no marco do Fondo de Compensación Ambiental para este ano.

O alcalde, Manuel Requeijo, explicou que, aínda que a Xunta de Galicia non validou definitivamente as actuacións presentadas —entre as que tamén se inclúe a mellora dun local en Chao de Currás—, o goberno local decidiu adiantar a tramitación para axilizar os prazos, xa que se trata dunha contía que supera o 10% do orzamento municipal e re-

quire aprobación plenaria.

As intervencións previstas darán continuidade á liña de actuación do pasado exercicio e permitirán acondicionar accesos en diferentes puntos do termo municipal, como Os Orxás, Casa Lousada, Rego, Funqueixeira, O Curro, A Restrebada, O Vilariño, O Aguillal, Carelle, Forcós, Santirso e Currás. O obxectivo, segundo destacou o rexedor, é mellorar a mobilidade e facilitar o día a día da veciñanza nun concello caracterizado pola dispersión dos núcleos de poboación e o envellecemento demográfico.

A proposta saíu adiante co respaldo do equipo de goberno e do concelleiro non adscrito, mentres que os grupos do PP e do PSOE optaron pola abstención.

Mercedes Peón será o prato forte da Romaxe Artesá da Chaira

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 23 de maio unha nova edición, a décima, da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

A organización xa presentou o cartel, pero aínda está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades que se celebraron en

anos anteriores, aínda que haberá sorpresas tamén este ano.

De feito, Mercedes Peón será a actuación estrela desta décima edición.

Por outra banda, as previsións son que haberá exposición de artesanía, xogos tradicionais, demostracións en directo dos diferentes artesáns, charlas e música. Tamén acostuman facerse obradoiros para adultos e para nenos.

CARGADOIRO DE POLDROS



O cargadoiro celebrado o 18 de abril en Muras rexistrou un novo éxito, cunhas vendas que roldaron os 54 exemplares. A actividade, impulsada polo Concello de Muras en colaboración coa Asociación de Criadores de Gando Equino ACGEMA, tivo lugar no recinto habitual da Feira do Poldro da Gañidoira e congregou a gandeiros do municipio e doutras zonas próximas.

Grueira anuncia un investimento para melloras no colexio

A portavoz do PP de Pol, Nicole Grueira, anunciou que a Xunta de Galicia investirá arredor de 30.000 euros en diversas actuacións no colexio do municipio, o CEIP Rosalía de Castro.

A administración autonómica acometerá o cambio das ventás da aula infantil e diversos arranxos nas instalacións da cociña do centro escolar “para corraxir o que o alcalde deixou abandonar ao non atender ao mantemento do colexio que é da súa competencia”, explica a concelleira. Así mesmo, co financiamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o centro tiña xa aprobado o proxecto para a ampliación da biblioteca, valorado en preto de 7.000 euros e que será executado nos próximos meses.

Grueira avanza estas actuacións despois de manter unha reunión de traballo coa directora territorial, Sargario Sánchez, na que lle trasladou a súa preocupación polo “abandono do goberno municipal sobre as súas competencias neste ámbito”.

A falta de mantemento que se evidencia tamén na falta de limpeza dos canlóns de recollida de augas pluviais é só un exemplo da desatención do alcalde ao centro escolar. De feito, “a comunidade educativa sofre a falta do servizo de conserxería, de competencia municipal, por outro capricho de Lino Rodríguez”. Grueira lembra que “o rexedor socialista se negou a debater en Pleno propostas do Partido Popular para cubrir a praza de conserxe”.

A ITV móbil agrícola estará en Pol

A unidade móbil da ITV estará entre os días 20 e 22 de maio en Pol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada na praza de Galicia, ao lado da caseta da Carballeira.

As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas, agás o día 22, que só atenderán en horario de mañá.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 901 928 080 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE
SERVICIOS AGROFORESTALES

O PSdeG mobiliza á veciñanza para reclamar cobertura médica

O PSdeG de Pol mobilizou á veciñanza diante do centro de saúde para reclamar ao Sergas a cobertura inmediata da praza de médico que continúa sen cubrir tras a xubilación dun dos facultativos. Na concentración, encabezada polo alcalde socialista, Lino Rodríguez, participaron veciñas e veciños de Pol, así como representantes institucionais, alcaldes e alcaldesas e cargos socialistas da contorna.

Durante a mobilización, as e os socialistas denunciaron que Pol segue cunha das dúas prazas médicas sen cubrir tras a xubilación dun dos facultativos. Unha situación que está a provocar unha atención inestable, con profesionais distintos segundo o día e mesmo con xornadas sen consulta.

O alcalde de Pol advertiu de que esta situación evidencia “o deterioro da sanidade pública e a falta de compromiso do PP da Xunta coa atención primaria no rural”. “Pol ten dereito a contar cos dous médicos que lle corresponden. Non pode haber veciños e veciñas de primeira e de segunda en función do facultativo



que toque ou do día no que necesiten ser atendidos”, afirmou.

Rodríguez subliñou ademais que a veciñanza leva tempo reclamando unha solución sen obter resposta por parte do Sergas. “O rural non pode seguir pagando a falta de planificación da Xunta. Estamos a falar dun servizo básico e dun dereito que hai que garantir en igualdade de condicións, vivas onde vivas”, engadiu. Dende o PSdeG reclaman ao Goberno galego a cobertura inmediata da praza vacante e esixen que se garanta unha atención sanitaria estable e de calidade no centro de saúde de

Pol, cos dous facultativos que lle corresponden ao municipio.

O SERGAS. O director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, Alfredo Silva, remarcou no Parlamento de Galicia que a calidade e continuidade da asistencial en Pol está garantida grazas ao modelo de proximidade.

O responsable autonómico apuntou que o servizo funciona con total normalidade e que, tanto a atención das urxencias, como da actividade programada están plenamente garantidas.



Comida de maiores no pavillón rehabilitado

O Concello de Pol retomou a celebración da tradicional Comida da Terceira Idade tras varios anos sen celebrarse, nun evento que serviu ademais para estrear o pavillón municipal recentemente rehabilitado.

A cita reuniu arredor de 290 persoas, entre as que se atopaban veciños e veciñas do municipio, así como representantes da corporación municipal, nunha xornada marcada pola convivencia e o reencontro. O encontro permitiu recuperar unha das celebracións máis agardadas pola poboación maior, consolidándose

como un espazo de socialización e participación.

Durante o acto, o alcalde, Lino Rodríguez Ónega, destacou a importancia de promover este tipo de iniciativas que favorecen o benestar das persoas maiores, subliñando a necesidade de ofrecerlles espazos de encontro e actividades pensadas para elas. Tamén puxo en valor as melloras realizadas no pavillón, salientando a boa insonorización das instalacións, aínda que avanza que quedan actuacións pendentes, como a mellora do pavimento.

IX FESTA DA TORTA DE MILLO



**Domingo,
7 xuño 2026**

Artesáns · Exposicións
Música · Obradoiros
Xogos populares
**Degustación e venda da
torta de millo de Guitiriz**

Artistas musicáis:
**Sheila Patricia
Caamaño & Ameixeiras**

concello de GUITIRIZ DEPUTACIÓN DA LUGO



Sheila Patricia

Caamaño & Ameixeiras

cospeito

Veiga de Pumar celebra as festas os días 8, 9 e 10 de maio

Veiga de Pumar, en Moman, prepárase para vivir con intensidade as súas tradicionais festas patronais na honra a San Xosé Obreiro e San Pedro, que terán lugar os días 8, 9 e 10 de maio.

Os festexos comezarán o venres 8 cunha churrascada popular, un clásico que reúne á veciñanza e visitantes arredor da boa comida e o ambiente festivo.

O sábado 9, a programación inclúe misa solemne, procesión e sesión vermú ás 13:30 h coa actuación da orquestra Escaparate, que tamén será a encargada de amenizar a verbena nocturna, acompañada por dj Riveira, prometendo unha noite chea de música e baile.

O domingo 10, repetirase o formato cunha nova misa solemne, procesión e sesión vermú ás 13:30 h, nesta ocasión coa actuación do dúo Epo-K, que porá o broche final á celebración.

Ademais, os máis pequenos poderán gozar de colchóns gratuítos, e todas as actividades desenvolveranse nun campo cuberto con carpa, garantindo a celebración sen importar as condicións meteorolóxicas.



A Feira do Monte acollerá o II Festival Beteluma

A Casa da Cultura da Feira do Monte será escenario o vindeiro sábado 16 de maio, ás 20.30 horas, da celebración do II Festival Beteluma, unha cita cultural organizada por Beteluma Cantareiras con motivo das Letras Galegas 2026.

O festival, que leva por título Grupos da Terriña, reunirá sobre o escenario a diferentes formacións vinculadas á música tradicional e coral galega. Entre os participantes estarán a Coral Polifónica Municipal Virxe do Monte, o grupo Os do Campo e as propias Beteluma Cantareiras. A iniciativa busca poñer en valor a música e a cultura popular galega a través dunha xornada de convivencia e actuacións en directo, coincidindo coa celebración das Letras Galegas.

Seixas, Pino e Vilapene celebrarán o 17 de maio a Romaría de San Isidro

As parroquias de Seixas, Pino e Vilapene acollerán o vindeiro 17 de maio a celebración da III Romaría de San Isidro, unha xornada festiva que combinará actos relixiosos, música e un xantar popular para a veciñanza.

A programación dará comezo ás 13.30 horas cunha misa oficiada polo bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos. Tras o acto relixioso desenvolverase a sesión vermú, seguida do xantar popular e dunha sesión de tarde que estará amenizada polos artistas Eric Hidalgo e Lidia Sueiro.

O menú do xantar incluír paella mixta, costela asada con patacas, sobremesa, café e licores, ademais de viño tinto Rioja crianza, viño branco Albariño, auga, refrescos e cervexas. O prezo será de 35 euros para as persoas adultas, mentres que os nenos e nenas de entre 5 e 12 anos pagarán 18 euros. Os me-



nores de cinco anos poderán asistir de balde.

As persoas interesadas en participar deberán anotarse antes do 10 de maio contactando con calquera membro das directivas das asociacións organizadoras.

A romaría está promovida pola Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas, a Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino e a Asociación Veciñal de Vilapene.

Nova edición do curso e a escola de verán sobre xogos tradicionais

A localidade de Muimenta, en Cospeito, prepárase para acoller os vindeiros días 8, 9 e 10 de maio o VII Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico e a II Escola de Verán de Xogos Tradicionais Iberia Ludens. Baixo o lema Xogo, sustentabilidade e inclusión, estas xornadas pretenden afondar no valor dos xogos de sempre como ferramentas de cohesión social e respecto ambiental.

O programa deseñado para esta edición é amplo e variado, ofrecendo aos participantes conferencias, relatorios, mesas redondas e a presentación de comunicacións, que se complementarán coa práctica directa de xogos tradicionais, visitas guiadas a museos e actuacións musicais.

As persoas interesadas en asistir teñen de prazo ata o xoves 30 de abril para formalizar a súa inscrición a través do formulario en liña, mentres que aqueles que desexen presentar comunicacións deberán envialas antes do luns 20 de abril.

CEA BAILE. A ANPA A Granda organizará o 9 de maio unha cea baile na discoteca Hermo, nun evento pensa-

do para reunir a persoas de distintas xeracións.

A cita dará comezo ás 21.30 horas e contará con música en directo, ademais da participación dos deejays da sala. A actuación musical correrá a cargo de Verónica Cambón, nunha noite que busca combinar gastronomía, baile e lembranzas compartidas nun dos espazos de ocio máis emblemáticos da contorna.

O menú para adultos incluír pratos como cecina, croquetas de xamón caseiras, zamburiñas recheas, lagostinos e churrasco, ademais de café, viño, sobremesa e licores, cun prezo de 35 euros. Tamén haberá un menú infantil para menores de 12 anos, composto por milanesa, salchichas e patacas fritas, cun custo de 13 euros. Desde a organización destacan que a actividade está aberta a todos os públicos e nace coa intención de ofrecer un punto de encontro para veciños e visitantes, ao tempo que se recupera o ambiente das grandes celebracións sociais da comarca. As entradas poden adquirirse en Parrillada Bañal e Desexos, ambos establecementos situados en Muimenta.



Culpan á Xunta polo “mal estado” da vía entre o Mesón da Cabra e Parga

O Concello manifestou a súa profunda preocupación polo estado de abandono no que se atopa a estrada LU-242, especialmente no treito comprendido entre o Mesón da Cabra e Parga, así como pola falta de actuación por parte da Xunta.

“A situación actual da vía non é non óptima, presentando un firme moi deteriorado e condicións que supoñen un evidente perigo para a seguridade viaria das persoas usuarias, nunha estrada con elevada circulación e que conecta distintos núcleos de poboación”, indican.

No pasado mes de novembro o Grupo Municipal Socialista levou ao pleno unha moción para instar á Xunta a executar con urxencia as obras da senda peonil e o arranxo da estrada LU-242. Esta iniciativa foi aprobada cos votos favorables de PSOE e BNG, mentres que o Partido Popular optou pola abstención, argumentando daquela o seu voceiro que era necesario dar “un voto de confianza” á

conselleira.

Ademais, a alcaldesa xa mantivo unha reunión a mediados do pasado ano coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, na que se acadou un compromiso verbal para levar a cabo estas actuacións. Nesa mesma liña, a Xunta de Galicia comprometérase no seu día non só a executar o arranxo da vía, senón tamén a proceder posteriormente á súa cesión ao Concello de Guitiriz, un acordo que, a día de hoxe, segue sen materializarse.

Porén, varios meses despois, a realidade evidencia que non se produciu ningún avance e que a situación da vía continúa igual ou incluso peor, o que confirma a inacción do Goberno autonómico malia os compromisos adquiridos, tanto en reunións institucionais como a través da inclusión desta actuación no Plan de Sendas 2024, onde figura como prioridade alta na comarca da Terra Chá.

Piden voluntariado para axudar na integración de persoas estranxeiras

O Concello de Guitiriz vén de lanzar unha convocatoria para captar persoas voluntarias interesadas en participar no Proxecto de Integración lingüística e cultural dirixido á poboación estranxeira do municipio. Esta iniciativa ten como obxectivo facilitar o coñecemento do idioma e da cultura de acollida, favorecendo así a inclusión social e a convivencia.

O programa desenvólvese a través de sesións semanais que teñen lugar todos os mércores entre as 12:00 e as 13:00 horas na Escola Habanera, onde as persoas participantes comparten espazos de

aprendizaxe e intercambio cultural. Dende o Concello animan á veciñanza a implicarse nesta proposta solidaria, destacando a importancia do voluntariado como ferramenta clave para construír unha comunidade máis cohesionada e inclusiva. As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición na Casa do Concello.

Para obter máis información, está dispoñible o teléfono do departamento municipal de Servizos Sociais, no número 982 370 109 (Ext. 1), onde se atenderán todas as consultas relacionadas con esta iniciativa.

Sheila Patricia e Caamaño & Ameixeiras, prato forte da Festa da Torta de Millo

O Concello de Guitiriz deu a coñecer hoxe o cartel oficial da IX Festa da Torta de Millo, que terá lugar o próximo domingo 7 de xuño. A imaxe deste ano adianta parte da programación dun evento xa consolidado no calendario festivo da comarca, no que non faltarán artesáns, exposicións, música, obradoiros, xogos populares e, por suposto, a degustación e venda da tradicional torta de millo de Guitiriz. O evento, organizada polo Concello coa colaboración da Deputación de Lugo, contará nesta edición con dúas destacadas actuacións musicais que reforzan a aposta pola cultura galega.

Por unha banda, subirá ao escenario Sheila Patricia, unha das voces máis salientables da nova canción de autora. O seu estilo mestura tradición oral, folclore e música de raíz con sons contemporáneos e electrónicos, cunha proposta artística marcada pola poesía e o empoderamento feminino.

Por outra, o público poderá gozar de Caamaño e Ameixeiras, dúo formado por Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras. Desde o seu debut en 2018, consolidáronse como unha referencia da música



de raíz galega, cunha traxectoria que transcende fronteiras. A súa proposta combina respecto pola tradición cunha linguaxe propia, a través de composicións e arranxos que dialogan co legado popular incorporando elementos contemporáneos.

O Concello de Guitiriz irá desvelando nas vindeiras semanas novos detalles da programación completa desta novena edición, que promete volver converter a vila nun punto de encontro para a cultura, a tradición e a gastronomía galega.

A parroquia de San Salvador de Guitiriz prepárase para as Festas da Ascensión

A parroquia de San Salvador, no concello de Guitiriz, celebrará os días 8, 9 e 10 de maio as súas tradicionais Festas da Ascensión, un evento moi agardado pola veciñanza e visitantes da comarca.

As festas comezarán o venres 8 de maio cunha liscada e chourizada gratuita, seguida dunha gran verbena co grupo Punto Clave, que animará a noite con música e baile. O sábado 9, os festexos arrancarán coa tradicional misa no campo da festa ás 13:30 h. A continuación, haberá unha sesión vermú e tamén verbena co grupo Fénix, que ofrecerá animación durante toda a xornada.

O domingo 10, novamente celebrarase misa no campo da festa á mesma hora, e a música continuará cunha sesión vermú co dúo Calibre, co cal se darán por rematadas oficialmente as festas.

Todas as actividades contarán cun campo cuberto con carpa, asegurando o confort do público ante calquera inclemencia meteorolóxica.

Xermolos convoca de novo o Certame Terra Chá e un obradoiro de baile

A asociación Xermolos vén de convocar unha nova edición do Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, que acada xa a súa cuadragésima sétima edición e consolídase como unha das iniciativas culturais de referencia para a promoción da creatividade entre a mocidade.

O certame está dirixido a alumnado de distintos niveis educativos, desde Educación Infantil ata Bacharelato e Formación Profesional, e contempla diversas modalidades como debuxo, poesía, prosa, murais e tamén representacións musicais ou teatrais. No caso das creacións escritas, a organización establece como requisito que os textos estean redactados en lingua galega, mentres que a temática será libre.

Os traballos poderán presentarse tanto en formato dixital como físico, e deberán incluír os datos identificativos das persoas participantes, así como o seu nivel educativo e centro de ensino. A convocatoria permite a participación tanto a través dos propios centros educativos como de maneira individual.

En canto aos premios, o certame contempla un total de 36 galardóns nas categorías principais de debuxo, poesía e prosa, distribuídos entre as diferentes etapas educativas. Ademais, establécense categorías especiais para outras disciplinas artísticas como o teatro, a música ou o cómic, con catro agasallos en total. Todos os centros participantes recibirán tamén un lote de libros como recoñecemento.

O prazo de entrega dos traballos permanecerá aberto ata o 31 de maio de 2026. A entrega de premios terá lugar o 2 de agosto no marco do Festival de Pardiñas, nun acto que servirá de punto de encontro para celebrar a creación artística e literaria da infancia e da mocidade.

Con esta iniciativa, Xermolos busca fomentar o uso do galego e impulsar



a expresión creativa entre as novas xeracións, reforzando ao mesmo tempo o valor da cultura e das artes no ámbito educativo.

OBRAIDROIRO DE BAILE. A Asociación porá en marcha en Guitiriz unha serie de obradoiros divulgativos arredor da música e do baile tradicional co obxectivo de promover a aprendizaxe, o entretemento e a divulgación da cultura popular. A primeira destas actividades será un obradoiro de baile impartido por Artur Puga, recoñecido pola súa formación nas ciencias do movemento.

Baixo o título O bailar de hoxe a través de maneos e punteadas, a proposta desenvolverase o sábado 23 de maio en dúas sesións diferenciadas. A primeira terá lugar entre as 10.30 e as 14.00 horas e estará orientada ás persoas que aínda se inician neste tipo de baile. Pola tarde, de 16.30 a 20.00 horas, celebrarase unha segunda sesión destinada a participantes con máis experiencia. Durante o obradoiro abordarase o baile de foliada co propósito de entender e explorar a comprensión dalgunhas músicas e estruturas propias da provincia da Coruña, afondando tamén na relación entre a música e o baile tradicional.

EN BREVE



XOGO DA RA. O CIT de Parga acolleu a celebración da IV Copa Xogo da Ra, unha cita que deu comezo aos Xogos da Primavera en Guitiriz e que volveu rexistrar un notable ambiente e unha elevada participación.



CENTENARIA. A veciña de Guitiriz Sara Veres Vázquez celebrou o seu 101 aniversario. Con motivo desta data sinalada, a concelleira de Servizos Sociais, Sofía Sánchez, achegouse ata o seu domicilio para facerlle entrega dun ramo de flores en nome do Concello.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
CON SALSA VARIADA

ALCO PARA
COMPARTIR TAPAS

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES
REVUELTOS FREIDA CONCHA ALCO PICAR
HAMBURGUESAS FRESAS DE VERDAD CON SALSA VARIADA
PASTAS RAXO PATATAS SABOREAR TORTILLAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

Celebran o 9 de maio a Festa da Xuventude

Outeiro de Rei prepárase para vivir unha xornada inesquecible o vindeiro sábado 9 de maio coa celebración da Festa da Xuventude, un evento que promete reunir a veciños e visitantes nun ambiente festivo, cargado de música, gastronomía e actividades para todas as idades.

A xornada arrincará ás 13:30 horas coa sesión vermú a cargo do dúo Dilema, para dar paso á comida campestre ás 15:15 horas na rúa Barrio Soborvila (rúa centro médico).

O menú estará composto por empanada, liscos, bonito, xamón cocido, churrasco con patatas e pementos, sobremesa, bebida e café. O menú contará cun prezo de 25 euros por persoa e 15 euros para nenos de 7 a 12 anos; os menores de 6 anos poderán gozar da comida de forma gratuíta. Os tickets poderán recollerse no Bar O Pozo (Outeiro de Rei) ata o 6 de maio.

A tarde estará amenizada coas actuacións musicais de DJ Francis e Louband, quentando motores para a gran verbena nocturna que contará coa recoñecida orquestra París de Noia, acompañada novamente por DJ Francis. Ademais, a organización previu a instalación dunha carpa para garantir a diversión sen importar o tempo.

Aberto o prazo para inscribirse nos campamentos

Xa está aberto o prazo de inscrición para os Campamentos Urbanos, que se realizarán do 29 de xuño ao 3 de xullo, dirixidos a nenos e nenas de 4 a 7 anos, e do 6 ao 10 de xullo, para os nenos e nenas de 8 a 12 anos.

Nos campamentos realizaranse actividades como obradoiros, xincanas, xogos de equipo, viaxe ao parque acuático de Cerceda, etc.

Teñen un custe de 30 euros o primeiro e de 40 euros o segundo, cotas que deberán aboarse sempre antes de rematar o prazo de inscrición.

Para os rapaces/as de 1º a 4º da ESO e de 1º de BAC o Concello oferta a iniciativa Mocidade en Acción, iniciativa na que está previsto ir o día 25 de xuño ao parque Aquapark de Cerceda e o día 7 de xullo a Viveiro. Esta actividade oferta un total de 25 prazas e ten unha cota de 15 euros.

O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 29 de maio ou ata cubrir prazas.

Pódense reservar as prazas nas oficinas municipais da Casa da Cultura de 10:00 h a 14:30 h ou chamando ao 982 39 34 08.



Alertan do perigo que sofren varios petróglifos e bens arqueolóxicos

Adega e Mariña Patrimonio veñen de comunicar á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a situación de "grave risco" que afecta varios bens arqueolóxicos situados na zona de Parada, parroquia de Parada, no concello de Outeiro de Rei, onde nestes momentos se están a desenvolver traballos forestais de corta de piñeiros e está prevista ademais unha nova plantación de eucaliptos. O caso máis preocupante é o dos Petróglifos de Parada, localizados no punto de coordenadas X 609154, Y 4768054. Sobre a rocha na que se atopan hai actualmente troncos dos piñeiros xa cortados, nunha actuación que se está a realizar con maquinaria pesada e sen que se aprecien medidas de precaución ou protección respecto destes elementos patrimoniais.

Segundo a información da que dispoñen Adega e Mariña Patrimonio, no ano 2020 púxose en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a existencia destes petróglifos, confirmouse a súa autenticidade e asignóuselles un código GA, que ambas entidades descoñecen e

por iso non poden achegar. A pesar diso, os petróglifos non foron incorporados nin ao visor do PBA nin ao visor de aproveitamentos forestais, unha circunstancia que incrementa notablemente o risco de afección ao non constar publicamente a súa existencia.

Adega e Mariña Patrimonio advirten tamén de que na mesma zona arqueolóxica existen outros bens patrimoniais inéditos para a DXPC que poderían sufrir danos no transcurso destes labores forestais. Por exemplo, no punto X 609177, Y 4767991 localízase a primeira das Medorras de Parada, cunha masa tumular ben definida e conservada. Na súa contorna existe ademais un número significativo de penas con petróglifos tipo coviñas.

Ademais, no punto X 609623, Y 4768360 localízase outra das Medorras de Parada, que conserva os cantos da cámara e do corredor, así como a súa masa tumular ben conservada. E, no punto X 609281, Y 4768523 localízase a Medorra das Latas, que conserva cantos da cámara.

Aprobada unha nova ordenanza reguladora do viveiro de empresas

O pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou, co apoio do PSOE, unha nova ordenanza reguladora do viveiro de empresas, o que implica a derogación da existente. Segundo explicou o alcalde, José Pardo Lombao, na súa intervención, as modificacións afectan principalmente a aspectos técnicos e á regulación dos prezos públicos, nunha iniciativa coa que se pretende "seguir impulsando" o desenvolvemento económico e o emprego.

Pola súa banda, o BNG utilizou a súa quenda de palabra para facer unha listaxe das emendas que presentaron contra a nova ordenanza, puntualizando algunhas das cuestións a debate, entre elas a solicitude de elaborar primeiro unha ordenanza de prezos públicos, algo que o alcalde desmentiu asegurando que xa está aprobada.

O rexedor subliñou que o Concello conta cunha axente de desenvolvemento local e que as novas directrices da ordenanza "van encamiñadas a desenvolver o concello", e acusou ao BNG de enganar coas súas emendas durante as intervencións.

As propostas do BNG, que se votaron en bloque, foron rexeitadas cos votos do PP e a abstención do PSOE, o mesmo reparto que deu luz verde a esta nova normativa.

Outro punto da orde do día foi a moción do PSOE, na que se solicitaba que o Concello de Outeiro de Rei rexeitase o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia, "por supoñer unha regresión na autonomía municipal e unha recentralización do poder en favor da Xunta".

Desde o BNG apoiaron esta moción, cualificando de decepcionante o anteproxecto, ao considerar que homoxeneiza o sistema co resto de comunidades e non recolle figuras propias como as parroquias. Tamén advertiron dos problemas de infrafinanciamento dos concellos. "Esta lei vén sen financiamento para as novas competencias e obriga a unha dependencia económica", aseguraron.

O alcalde explicou que o seu grupo non ía apoiar a moción, aínda que compartía algunhas das preocupacións, como a falta de recursos municipais, e amosou o seu respaldo ao texto e ás negociacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia. Pardo culpou desta situación non ao anteproxecto, senón ao Goberno central, e pediu á Xunta "que reclame ao Estado unha redistribución de fondos para aliviar as cargas dos concellos". Finalmente, a moción foi rexeitada cos únicos votos a favor de BNG e PSOE.

Convocado o concurso Manuel María de composicións musicais

A Casa-Museo Manuel María vén de convocar unha nova edición, a quinta, do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexen, sendo a data límite de presentación dos traballos o 15 de xuño. As composicións deberán ser realizadas sobre un poema de Manuel María, sendo orixinais, inéditas, sen estrear e estar clasificadas dentro da modalidade de canción galega. As cancións estarán escritas, nesta edición, para voz

de soprano. O certame convocado conta cun único premio en metálico de 1.000 euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das cancións finalistas e a súa distribución gratuíta a todos os Conservatorios e Escolas de Música de Galiza.

O concurso desenvolverase en dúas fases. Na primeira o xurado seleccionará un máximo de cinco cancións finalistas que pasarán a unha segunda fase. Na fase final determinarase a canción gañadora entre as designadas como finalistas na primeira fase. Para iso levarase a cabo un acto con concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o 3 de outubro.

II FEIRA DO LIBRO



A II Feira do Libro, organizada polo CEIP Laverde Ruiz e o Concello, rexistrou un notable éxito de participación, tanto de público infantil como adulto, consolidándose como unha cita cultural destacada no municipio. As impulsoras do evento, Sandra Álvarez, coordinadora da biblioteca escolar, e Elvira Cerdeira, membro da biblioteca, salientaron o bo ambiente e a elevada asistencia ao longo de toda a xornada, na que se sucederon centos de persoas que se achegaron para desfrutar das distintas actividades programadas.

a pastoriza

O Concello impulsa melloras na pista de pádel e desbroces en vías

O Concello de Pastoriza vén de acometer diversas actuacións de mantemento e mellora en distintos servizos e infraestruturas municipais co obxectivo de optimizar o uso das instalacións deportivas, mellorar o estado dos espazos naturais e reforzar a mobilidade no rural.

No ámbito deportivo, o consistorio está a reparar a pista de pádel co fin de evitar filtracións de auga que se producían tanto pola parte superior, na unión coa estrutura do pavillón, como en determinados puntos laterais. Ademais, procédese á substitución da lona de rede por un peche máis cerrado nun dos fondos e nun lateral, co obxectivo de mellorar as condicións de xogo e a durabilidade da instalación.

Por outra banda, iniciáronse os traballos de desbroce correspondentes ao ano 2026, comezando polas rutas de sendeirismo. Esta actuación fíxose un día despois de que o BNG publicase o enfado polo estado no que



estaba a ruta de sendeirismo Pastoriza Mar Verde.

Esta actuación continúa cunha planificación progresiva por parroquias, co fin de manter en bo estado os espazos naturais e os camiños municipais.

Tamén deron inicio as obras de soterramento da liña de media e baixa tensión na avenida principal da Pastoriza, obras que teñen un prazo de duración de tres meses. Despois do remate da obra, será aglomerada

dita vía desde o inicio ata o punto quilométrico 1,345

En paralelo, o Concello afirma que segue a traballar na mellora das comunicacións viarias no rural, co obxectivo de facilitar o acceso ás vivendas e mellorar a mobilidade da veciñanza. Estas actuacións están a desenvolverse en distintas zonas, entre elas San Martiño de Corvelle e Reigosa, dentro dun plan máis amplo de conservación e mellora da rede viaria municipal.

Avanzan no proxecto do centro de día residencial, que terá 56 prazas

O Concello de Pastoriza continúa dando pasos firmes no desenvolvemento do proxecto do futuro centro de día-residencial, unha infraestrutura moi demandada pola veciñanza e considerada clave para reforzar os servizos sociais no municipio.

Trátase dunha iniciativa que se foi consolidando ao longo dos anos cunha folla de ruta progresiva. O proceso comezou no ano 2004 coa adquisición dos terreos, continuou en 2023 coa escavación, en 2024 co

estudo do solo e en 2025 coa redacción do anteproxecto. Xa neste 2026 completouse o estudo de viabilidade, o que supón un avance determinante cara á súa execución.

Segundo informou o Concello, nos vindeiros días a Xunta de Galicia realizará o anuncio definitivo que permitirá iniciar os trámites administrativos necesarios, incluíndo a dotación orzamentaria para a primeira fase, a licitación das obras e o comezo do proceso construtivo.

O futuro centro contará cun total de 56 prazas, das cales 40 estarán destinadas a centro de día e 16 a uso residencial, dando resposta ás necesidades asistenciais da poboación, especialmente das persoas maiores. A colaboración da Administración autonómica responde ao compromiso adquirido pola Consellería de Política Social e Igualdade co alcalde de Pastoriza, tras a presentación do proxecto realizada en novembro do pasado ano.

Recollida de plásticos de silos este mes

O Concello pon en marcha de novo a recollida de plásticos de silos porta a porta. Esta será na explotación que o solicite entre os días 11 e 15 de maio. Os usuarios que estean interesados na recollida de plásticos de silo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda.

Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación.

CONCURSO DE TAUTOGRAMAS



A Biblioteca Municipal Ángel Basanta fixo entrega dos premios do II Concurso de Tautogramas. Na categoría A, o primeiro premio foi para Aroa Iglesia Iglesias, mentres que o segundo posto recaeu en Hugo Martínez Martínez e o terceiro en Arwa Oussiad. Ademais, o xurado decidiu outorgar un accésit a Manal Noin Khachane. Na B, o primeiro premio foi para Xiana Veiga Rigueiro, seguida de Xiana Martínez Martínez, que acadou o segundo.

rábade

O Festival Entrepontes ultima o seu cartel para a edición do 30 de maio

O Festival Entrepontes ultima o cartel da súa edición de 2026, que terá lugar o 30 de maio. A organización confirmou o cartel completo desde o primeiro momento, apostando por unha programación potente e sen concesións, coa intención de converter a xornada nunha experiencia musical intensa e inescapable. A este cartel únese agora Mirando Flores, que se ocupará da sesión vermú.

O escenario de Entrepontes acollerá as actuacións de bandas e artistas recoñecidos da escena alternativa e independente. Entre os nomes confirmados atópanse Rábade, Parquesvr, Monolious Dop, Ulex, Pladür e Amor Líquido, "unha combinación que promete diversidade sonora e unha forte identidade artística", din desde a organización. A proposta musical apunta a un festival marcado pola enerxía, a experimentación e o compromiso



coa música en directo.

Desde a organización destacan que o 30 de maio Rábade converterase no epicentro musical da contorna, asegurando que a cita será "un auténtico terremoto" para o público asistente. O Festival Entrepontes consolídase así como unha referencia cultural, convidando a veciñanza e visitantes a comezar desde xa a vivir unha edición 2026 que aspira a deixar pegada.

Presentado o programa de actividades de conciliación para o verán

O Concello de Rábade dá a coñecer o Programa Corresponsabilidade, que inclúe as distintas actividades organizadas para os meses de xuño, xullo e agosto co obxectivo de facilitar a conciliación das familias durante o período de vacacións escolares.

As propostas están dirixidas a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos. O prazo de inscrición desenvolverase do 4 ao 29 de maio. As solicitudes deberán formalizarse na área de Cultura e Deporte do Concello de Rábade. As prazas son limitadas.

As persoas interesadas poden obter máis información no teléfono 982 390 062 (extensión 1) ou no enderezo electrónico asociocultural@rabade.org.

O programa inclúe tres actividades. Unha delas é o Campus de patinaxe, que ten un custo de 30 euros e desenvolverase os días 22, 23, 25, 26 e 29 de xuño no pavillón municipal, en horario de 9:00 a 14:00 horas. Está dirixido a nenos e nenas de 3 a 16 anos.

Haberá tamén un campamento de verán cun custo de 40 euros, que terá lugar do 6 ao 10 de xullo no Centro Sociocultural, en horario de

10:00 a 20:00 horas. Está dirixido a nenos e nenas de 8 a 12 anos.

Tamén haberá un campamento urbano cun custo de 70 euros, entre o 29 de xuño ao 31 de xullo no Centro Sociocultural, en horario de 9:00 a 14:30 horas. Está dirixido a nenos e nenas de 4 a 12 anos.

Mocidade en acción contará cun custo de 15 euros e inclúe actividades o 25 de xuño (visita ao Aquapark de Cerceda) e o 7 de xullo (actividades en Viveiro). Dirixido a mozos e mozas de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato.

Aventuras Camp é outra das actividades previstas que terá un custo de 40 euros. Desenvolverase do 3 ao 14 de agosto no Centro Sociocultural, en horario de 9:00 a 14:30 horas e está dirixido a nenos e nenas de 4 a 12 anos. No caso de participar tamén no campamento urbano, o prezo conxunto será de 100 euros.

Finalmente, Coñecendo o Miño é unha actividade gratuíta que se desenvolverá do 1 de xullo ao 12 de agosto, os luns e mércores, en horario de 11:30 a 13:00 horas. Está dirixida a nenos e nenas de 8 a 16 anos.

Saavedra prepárase para a Romería e as Festas dos Milagres

As celebracións dos Milagres de Saavedra repite o seu programa coa celebración das festas e o horario de misas, que se iniciarán a partir do xoves 14 coa novena á Virxe, que finalizará o 22, con rezos ás 19.00 horas. Para a parroquia de Saavedra trátase da festa máis importante do ano, que reúne cada ano no santuario da localidade a centos de devotos, que aproveitan a data para facer unha andaina ata a igrexa.

As principais celebracións relixiosas comezarán o sábado, día 23, con misas ás 11:00, 12:00 e 13:00 horas e pola tarde a novena, ás 19.00.

O día propio dos Milagres, o domingo 24, as cerimoniais relixiosas serán cada hora dende as 7.00 ás 13.00 horas pola mañá e de 17.00 a 20.00 horas pola tarde. A eucaristía das 13.00 estará dirixida polo bispo de Mondoñedo, Fernando García Cadiñanos.

E xunto coa Romería volven tamén as festas patronais, que terán como primeiro día o venres 22 cunha verbena a cargo de Los Satélites e DJ Pakitañña. O sábado 23 continuarán coa actuación de Punto Clave en sesión vermú e verbena, esta última xunto a Escaparate. O domingo rematará o programa de novo coa orquestra Escaparate en sesión vermú.

A vila contará en xuño e xullo co campus de fútbol sala

O Concello de Begonte acollerá do 22 de xuño ao 3 de xullo unha nova edición do campamento de verán que contará tamén coa celebración do Campus Mixto de Fútbol Sala.

O Concello establece un total de 90 prazas para as que abre este luns, 11 de maio o prazo de inscrición, que poderá facerse ata o 29 de maio e será por rigorosa orde de solicitude.

O campamento está dirixido a nenos e nenas de 4 a 17 anos e contará con actividades diversas, como surf, multideporte, parque acuático, inchables, festa da escuma, kayak e fútbol sala, con visitas de xogadores e adestradores profesionais.

O horario do campamento será de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas con servizo de madrugadores para os que o necesiten cun suplemento de dez euros sobre os 110 que ten de custo o campamento para os escolarizados en Begonte e alumnos das escolas deportivas. O prezo xeral será de 150 euros con descontos para os irmáns.

Os que desexen máis información poden poñerse en contacto coa organización no teléfono 634 792 375.

A Festa da Xuventude transfórmase no Befest

O Concello de Begonte anunciou a evolución da tradicional Festa da Xuventude cara a un formato reforzado baixo o nome de Befest, que terá lugar o vindeiro 16 de maio no Club Fluvial de Begonte.

A proposta busca ampliar a oferta de lecer e participación, mantendo o espírito festivo pero incorporando unha programación máis diversa e pensada para todos os públicos. A xornada comezará ao mediodía cunha sesión vermú amenizada polo Dúo Venus, dando paso a unha ampla variedade de actividades dirixidas tanto á infancia como ás persoas adultas.

Entre as propostas programadas inclúense competicións como o IV Open de fútbolín, organizado en colaboración coa Peña Fútbol Bola Meiga, e un campionato de tute, así como actividades deportivas e lúdicas, entre elas unha festa do baloncesto coa participación de Máximus, a mascota do CB Breogán. Tamén haberá unha xornada de billarda, xogos populares, inchables gratuítos e actividades de sensibilización promovidas polo servizo de prevención de condutas adictivas.

A programación completárase cun concerto de música tradicional a cargo da Escola Municipal de Música de Begonte e cunha sesión de tardeo coa discoteca móbil Hermo. Ademais, realizarase o sorteo de packs sorpresa entre os asistentes. Xa pola noite, o evento contará cunha cea popular que incluírá bebida, empanada, churrasco e chourizo, seguida dunha gran verbena amenizada pola New York Orquestra, Hermo Discoteca e polos DJs Casanova e Ello.

O Concello tamén puxo á venda un pack especial Befest 2026 por un prezo de 15 euros, que inclúe cea,



camiseta, bolsa e pulseira do evento. Estes packs poderán adquirirse a partir deste xoves, 23 de abril, nas dependencias municipais.

FESTA DO MAIOR. O Concello organiza tamén unha nova edición da Festa da Terceira Idade o sábado 9 de maio, unha xornada de convivencia dirixida a todas as persoas maiores e xubiladas do municipio. Nesta celebración poderán participar os pensionistas maiores de 65 anos, así como os seus acompañantes, se así o desexan.

A programación comezará ás 13:00 horas cunha misa na igrexa parroquial de San Pedro de Begonte. Ás 14:00 terá lugar o xantar no Pavillón Municipal, seguido ás 16:00 horas dunha actuación musical e dun sorteo de agasallos. Os actos pecharanse ás 20:00 horas.

Para facilitar o desprazamento, o Concello ofrecerá un servizo de transporte de ida e volta desde todas as parroquias, sendo necesaria a inscrición previa para facer uso do mesmo.

O custo por persoa será de 10 euros para os pensionistas empadroados. Para o resto de participantes o prezo será de 40 euros.

Abre o prazo para pedir as subvencións a asociacións

O Concello de Begonte abriu o prazo de solicitude para as subvencións en réxime de concorrencia competitiva para asociacións culturais, deportivas e veciñais para o ano 2026 dirixidas principalmente á realización de actividades co obxectivo de fomentar a participación da veciñanza.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será o exercicio económico do 2026 e poderán solicitarse todas as asociacións rexistradas no Concello de Begonte, sen fins lucrativos e que están ao curso das obrigas tributarias.

Para os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais e deportivas aquelas destinadas á promoción e

cooperación cultural e deportiva e á difusión e animación sociocultural que contribúa ao espallamento e promoción da cultura e o deporte, quedando excluídas as comidas e a rehabilitación e acondicionamento de locais.

O Concello destinará unha cuantía máxima de 15.000 euros cun máximo por asociación de mil euros para as asociacións veciñais e culturais e de 600 para as deportivas.

A concesión das subvencións realizarase por concorrencia competitiva e os beneficiarios terán a obriga de xustificar o importe total concedido no prazo que se indique na notificación da concesión. O prazo de presentación rematará o 19 de maio.

A Xunta de Galicia aproba a instalación dun centro xestor de vehículos

A Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ambiental ao proxecto para a execución dun centro xestor de vehículos ao final da súa vida útil na parroquia de Saavedra, no concello lucense de Begonte.

Segundo se conclúe no informe de impacto ambiental (IIA) emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, non son previsibles efectos adversos significativos derivados do proxecto sempre que se cumpra cos condicionantes fixados tanto no documento ambiental e na restante documentación analizada, como na propia resolución autonómica.

Neste sentido, o informe foi elaborado no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada desta iniciativa empresarial, un trámite no que a documentación presentada polo promotor foi sometida a participación pública para garantir o acceso do público en xeral, ao tempo que foron consultados un total de nove organismos interesados.

Froito desas consultas, realizaron a valoración correspondente e estableceron condicionantes que se engaden aos incluídos no propio programa de vixilancia ambiental que recolle a resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

En concreto, os órganos consultados conclúen que sería viable a posta en marcha do proxecto sempre que se cumpran certos condicionantes establecidos nos seus

respectivos informes con relación a aspectos tales como as emisións á atmosfera; os cursos de auga; o patrimonio natural e a biodiversidade; o patrimonio cultural; os residuos e o impacto sobre o solo; o cambio climático ou a saúde das persoas.

Unha vez emitido o IIA, que non exige ao promotor da obriga de obter todas as autorizacións, licenzas, permisos ou informes que resulten legalmente exixibles para poder desenvolver o proxecto, remitiuse a resolución ao órgano substantivo e proximamente daráselle publicidade mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A instalación proxectada en Begonte para a xestión de residuos non perigosos, baseada no almacenamento temporal de vehículos descontaminados sobre unha soleira de formigón impermeable de 2.452 metros cadrados, localizarase na súa totalidade na parroquia de Saavedra, máis concretamente no lugar de Covela. Neste espazo depositaranse os vehículos descontaminados e contará cun sistema de recollida e tratamento de augas pluviais e de escurrenta.

O futuro centro almacenará de maneira temporal os vehículos á espera de ser entregados a outra instalación de xestión de residuos que continuará co proceso de valorización. Polo tanto, os residuos tanto de entrada como de saída serán os mesmos.

ESCOLA INFANTIL



A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou a escola infantil municipal, a primeira deste concello, que desde o mes de setembro ofrece atención educativa gratuítas. Alí destacou que se trata dun centro moderno e totalmente equipado, que ofrece 36 prazas públicas de 0 a 3 anos e no que o Goberno galego investiu 278.000 euros de fondos europeos MRR.

TERRA CHÁ



Comezan as obras de mellora da vía que une Castro de Rei e Rábade

A Deputación de Lugo vén de iniciar as obras de mellora da LU-P-1107, que é a estrada que une Castro de Rei e Rábade. Trátase dunha vía clave para a mobilidade da contorna, o transporte escolar e o acceso a servizos médicos e culturais.

Os traballos, dos que se encarga a empresa Construcciones Carballeira SL, contan cun investimento de 163.600 euros e afectan a un treito de 9 quilómetros, entre a parroquia castrense de San Xiao de Mos e a Fonte da Pinguela, en Outeiro de Rei, desde o punto quilométrico 4,3 ao 13,2. As obras nesta vía inclúen a apertura de cunetas, reparación de desperfectos e a repavimentación. Esta estrada é moi empregada pola veciñanza, xa que conecta con vías con moito tráfico como a N-VI e dá servizo a recursos destacados como a Casa das Insuas. Ademais tamén conta con tráfico agrícola e permite achegarse a zonas de sendeirismo, pesca e natureza de interese para os visitantes.

MEIRA E PASTORIZA. A Deputación

de Lugo aprobou tamén destinar 48.405,20 euros os traballos para mellorar un treito da LU-P-3006, a vía que une Meira con Pastoriza por Fonmiñá, que xa foron adjudicados. Con este proxecto, do que se encargará a empresa CHOLO SL, arranxarase un tramo de algo máis de 800 metros case ao principio da vía -do punto quilométrico 1,120 ao 1,935-.

“Esta é unha estrada moi importante para os veciños e veciñas de ambos municipios, porque vai desde o núcleo meirense da Pena ata a LU-122. Ademais dá servizo a explotacións gandeiras, conecta directamente co polígono industrial de Meira, no que se atopan establecementos hostaleiros e diferentes negocios, e dá acceso ao centro de saúde do municipio”, recalca.

As obras que se van acometer son: a reapertura de cunetas, a pavimentación do firme con aglomerado en quente e o repintado da vía mediante marcas reflexivas brancas. Unha vez se inicien os traballos o prazo de execución será de mes e medio.

Novas liñas de axudas para gando autóctono

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo reforza este ano o seu apoio ás ganderías de razas autóctonas galegas con axudas directas. A Xunta de Goberno provincial aprobou as bases de dúas liñas de subvencións dirixidas a fomentar a cría de animais destas razas cun orzamento conxunto de 400.000 euros.

Este marco de apoio ao sector inclúe a reedición da convocatoria Marela, centrada na promoción e potenciación das reproductoras de Raza Rubia Galega, e a creación dunha nova liña de subvencións, o programa Morenas, dirixido á preservación das razas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e

Vianesa e das razas Ovella e Cabra Galega, consideradas en risco de erosión xenética.

O programa de apoio ás ganderías de Raza Rubia Galega reedítase, con axudas de 400 euros por xatas de menos de 36 meses que tivesen o seu primeiro parto na granxa en 2025. A convocatoria publicarase o vindeiro xoves -30 de abril - no Boletín Oficial da Provincia.

A liña Morenas contempla axudas a femias nadas nas granxas en 2025, de 70 euros no caso de crías de Cabra e Ovella Galega e de 400 euros no caso de xatas de Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa. A convocatoria publicarase o vindeiro 20 de maio no BOP.



Arranca a nova edición da Ruta do Románico

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presentaron, no Claustro da Catedral, a programación das Rutas polo Románico. Unha iniciativa que a institución provincial organiza por sexto ano consecutivo e que consiste nunha serie de itinerarios gratuítos polo románico da provincia para conmemorar o Día da Transrománica. A primeira das rutas arrancará o vindeiro 8 de maio na capital lucense.

Carmela López destacou que esta nova edición “permitirá descubrir catorce xoias da arte europea na provincia”, poñendo en valor o patrimonio románico como unha das grandes fortalezas patrimoniais. Subliñou que a provincia “conta cunha das maiores concentracións de románico de Europa, especialmente en ámbitos rurais, onde igrexas, mosteiros e capelas forman parte da paisaxe e da vida das parroquias”.

A programación desta sexta edición inclúe 16 rutas polo patrimonio ro-

mánico da provincia durante cinco xornadas: os días 8, 9, 10, 16 e 23 de maio. Cada itinerario conta cun máximo de 20 prazas, agás o de Lugo, que contará cun total de 25 prazas, polo que no conxunto do programa se ofertan 325 prazas. Todas as actividades estarán dirixidas por un guía oficial de turismo.

A provincia de Lugo conta na súa ruta con dez igrexas de arte románico situadas nos concellos da Ribeira Sacra: o mosteiro do Divino Salvador, en Ferreira de Pantón; a igrexa de San Xoán da Cova, en Carballedo; a igrexa de Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada; a igrexa de San Pedro de Ribas Altas, en Monforte de Lemos; a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño, en Paradela; a igrexa de San Nicolás ou San Xoán, en Portomarín; a igrexa de Santa María de Torbeo, en Ribas de Sil; a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao; a igrexa de Santa María de Proendos, en Sober; e a igrexa de Santa María de Taboada dos Freires, en Taboada.

O BNG denuncia as carencias no despregamento da fibra óptica

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, denunciou as importantes deficiencias no despregamento da fibra óptica nas comarcas de Lugo, unha situación que, segundo sinala, está a deixar milleiros de fogares sen acceso a unha conexión de internet de calidade e agravando a fenda dixital, especialmente nas zonas rurais. Ante este escenario, a formación nacionalista exige ao Goberno do Estado actuacións urxentes para corrixir estas carencias e garantir a conectividade da cidadanía. Segundo os datos do Informe de Cobertura de Banda Larga de 2023, unicamente o 63,01 % das vivendas de Lugo contan cunha conexión de polo menos 100 megas, o que sitúa a provincia entre os territorios con peor acceso do Estado. En termos absolutos, estímase que 28.429 fogares dos 137.472 existentes non dispoñen de fibra óptica.

Rego considera que esta situación é “absolutamente inaceptable” e evidencia, ao seu xuízo, o fracaso das políticas do Goberno en materia de conectividade no rural galego. Ademais, sostén que en moitos casos non só non se avanza, senón que incluso se retrocede, ao quedar vivendas sen servizo tras a retirada do cobre e a desaparición de conexións ADSL previas.

O deputado nacionalista advertiu tamén de casos especialmente graves como Cervantes, onde só o 11,03 % dos fogares teñen acceso á fibra. A esta realidade súmanse Ribeira de Piquín, Folgoso do Courel, Nogueira de Muñiz ou Muras, todos eles con porcentaxes inferiores ao 20 %. Segundo Rego, nestas condicións resulta imposible fixar poboación e desenvolver proxectos de vida dignos.

Reactivadas as comunicacións para queimas agrícolas

A Consellería do Medio Rural reactivou as comunicacións para levar a cabo queimas agrícolas por parte de particulares na nosa comunidade, así como as solicitudes de autorización para as de restos forestais amoados. Esta debe efectuarse sempre con dous días de antelación.

Estas comunicacións poden realizarse a través da web específica ou chamado ao 012. Como viña sendo habitual, os cidadáns deberán confirmar que se trata dunha queima de restos agrícolas procedentes de explotacións.

IMPULSO AO PAN GALEGO



O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, mantivo unha reunión con representantes da asociación Prorural Galicia, da CEL, da Asociación Provincial de Fabricantes de Pan de Lugo, de dúas industrias e da cátedra do pan da Universidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de avanzar na posta en valor e impulso do pan galego, que conta cunha indicación xeográfica protexida propia

DEPUTACIÓN

“Non teño medo das mocións, estou centrada en traballar e fágoo cun equipo cohesionado”

Carmela López Moreno é a alcaldesa de Burela e a nova presidenta da Deputación de Lugo desde o pasado mes de xaneiro

Podería facernos un pequeno balance deste tempo que leva na presidencia?

O balance é positivo porque considero que me trouxo moito aprendizaxe, moitísima escoita e amplitude no meu coñecemento. Ao mesmo tempo, tamén estou traballando moitísimo e con bastante intensidade porque, ao ser un mandato que está a piques de finalizar, débese planificar dunha maneira diferente a, por exemplo, outro no que tes por diante catro anos. Eu xa formaba parte do goberno como deputada, pero sempre digo que, antes de alcaldesa tamén era concelleira e as cousas cambiaron para min nese momento. Agora é evidente que tamén cambiaron. Entón, en resumo, moito aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e con moitísimas ganas de traballar.

Agora que xa leva uns meses, supoño que terá unha perspectiva de proxectos seus propios que rematará antes do fin da lexislatura.

O que fixen desde que cheguei é reunirme con alcaldes e alcaldesas e visitar os 67 concellos que, aínda que evidentemente non aínda fisicamente, si a través de entidades e de poñer enriba da mesa cales son as necesidades, cales habería que rematar, en cales se necesita avanzar, etc. Temos, por exemplo, residencias nas que é preciso seguir avanzando con todo o ímpeto posible porque o necesitan os nosos veciños. Así mesmo, en canto a cambios positivos, temos unha nova aplicación que tiña xa na miña área, en Economía e Facenda, que cambia a forma de traballar en canto a impostos para todos os veciños e veciñas da provincia. É algo que comecei como deputada e que vou poder finalizar como presidenta. Temos tamén eses proxectos que recollo da anterior xestión. Sempre digo que me vai tocar poñer o lazo dese centro de innovación territorial que tamén vai axudar a traer fondos europeos para toda a provincia. Está pendente tamén a granxa ou o parque nacional. Hai moitísimo traballo feito durante os anos anteriores que oxalá me toque rematar. Sobre todo, estou facendo moitísimo ímpeto na cooperación cos concellos. Como alcaldesa, teño esa visión das necesidades que temos e, ao ser esta casa o Concello dos concellos, necesito poder axudarlles a todos, aos 67.

Xorde a pregunta de que necesitamos.

Pois que a Deputación nos cubra moitas das necesidades que temos e que non somos capaces de resolver porque a nivel técnico somos unidades pequenas que necesitan deste paraugas. Eu sempre digo que me encantaría que se puxeran en valor as deputacións porque moitas veces o que se escoita é que este organismo non é útil e está só para que os catro políticos de quenda vivan dela. E non é real, os 67 concellos, grazas a esta casa, poden por exemplo rematar proxectos ou poden sacar pregos para diferentes contratacións e obras. Temos ese Plan Deputación co que xa nós, os alcaldes e alcaldesas, podemos prever que proxectos queremos facer para os seguintes anos. É dicir, sabemos que temos amparo económico, que temos amparo a través desa cooperación cos concellos, de técnicos que necesitamos para poder sacar o día a día dos nosos concellos, e despois tamén temos a Deputación como paraugas para que os sectores produtivos da nosa provincia poidan avanzar en proxectos clave que ao final benefician a todo o territorio. Entón, a que me estou dedicando?, a entrelazar todas as peticións que recibo, visitar sobre todo aquilo que me parece importante e que pode proxectar Lugo. Aparte de utilizar a miña voz cara a un único obxectivo: que necesita Lugo.

E que é exactamente o que máis precisa?

Pois é evidente. Estamos moi mal comunicados, ninguén quere vir traballar aquí, e xa non só tendo en conta o punto de vista dos salarios, senón porque a comunicación é horrorosa. Eu tardo en vir a Lugo unha hora e dez aproximadamente, iso non debería ser, é inxusto, entón, que estou aproveitando?, pois, agora que a miña voz vale un pouco máis, teño que elevar a dos meus 66 compañeiros, porque ao final é moi gratificante sentarme con todos e con todas e ver que dá igual da cor que sexamos, todos temos unha liña común, case sempre os mesmos problemas ou preocupacións e a miña ilusión sería que, unindo forzas desde esta casa, poidamos entendernos para tres ou catro liñas estratégicas, mellorar como provincia, e loitar para que sexa así.

Dentro dos proxectos e como peza fundamental dos últimos anos, vai-se manter o investimento en estradas?

Si, de feito, teño un mapa de es-



tradas das peticións que tiveron de todos os alcaldes e alcaldesas. No meu caso, traballo moito con eles e tiveron que coller un mapa mudo para volver estudarme o sur da provincia, porque había algún concello que me bailaba. Non me dá vergoña admitilo, gustaríame poñerlle un mapa mudo a moita xente a

“Estes meses trouxéronme moita aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e moitas ganas de traballar”

nosa provincia para ver se é capaz de situalos todos (risas). Estamos levando á Xunta de Goberno local estradas todos os venres porque é certo que temos unha rede moi ampla, e ademais tocounos un inverno moi difícil, porque se viñeron abaixo moitísimas estradas, tivemos moitísimos incidentes, e é algo que me preocupa porque poden provocar accidentes. Incluso, imos investir, en

algo que para min tamén é esencial, o parque móbil, temos que movelo nas estradas provinciais, e no remanente levamos tamén unha partida, que son 200.000 euros, para facer outro equipo máis de traballo. Para min, as estradas son fundamentais, non podo estar por un lado pedindo melloras das comunicacións na provincia, pero ter mal as estradas provinciais.

Tamén estivo falando co presidente da Xunta, a quen lle levou un decálogo de necesidades. Está habendo xa algunha repercusión desde a reunión ou non hai novidades?

Ao final, nesa reunión o que queríamos era arrancar grupos de traballo. Estivemos co anteproxecto de lei, no que si que arrancam varios compromisos de que van ter en conta, e xa tiveron en conta varias das nosas alegacións como Deputación. No que máis insistimos era en determinar que competencias temos as deputacións e, sobre todo, se temos que facer máis traballo como imos financiar, porque eu sempre digo, a manta, ou tapa os pés ou tapa a cabeza. Agora temos a gran oportunidade de modificar esa lei que é vital, e nós agradecidos de que se modifique, pero traballemos en conxun-

to para conseguir ter un resultado o mellor posible. Seguramente isto é como cando amoblas unha casa, que cando acabas volverías a empezar para cambiar todo, pero imos intentar axustala á realidade do que somos capaces de facer para que ao final repercuta positivamente para todas as administracións e finalmente nas persoas.

Nestes momentos, as reunións cos concellos están sendo fundamentais, como está sendo este primeiro paso? porque aquí estamos falando de concellos de diferente cor, entón non é doado unificar criterios.

Están sendo moi produtivas. Nestas reunións teño unha carpeta e unha ficha por cada concello, que xa pedín previamente, cos antecedentes de que pasou con este concello, que axudas recibiron, que arranxos de estradas houbo, se estivo o parque móbil ou non, que peticións houbo enriba da mesa, en cooperación en que lles estamos axudando. É dicir, analizar a situación global na que se atopa. Sempre empezo polas estradas e o primeiro que quero saber é en que situación se atopan, en cales temos que operar inmediatamente, por onde pasa máis xente e cales se consideran vitais para o ben do concello. Despois pasamos ao Plan Deputación, a falar de que se fixo ata agora ou que van facer e por que están apostando, para así poder facerme un resumo e ademais coñecer mellor o territorio, porque si que é verdade que dependendo do concello se inviste máis en estradas, como é o caso da montaña. En territorio máis urbano, apóstase por outro tipo de investimentos. Está sendo moi enriquecedor e a min permíteme obter esa información que necesito para desenvolver un proxecto e poder planificar os recursos que temos e saber cara onde os debemos dirixir para conseguir ese equilibrio territorial baseado nunha igualdade de oportunidades.

Entrando na situación actual da política, parece que o PP ten atada unha moción de censura no Concello de Lugo. Quería saber que lle parece a vostede.

Paréceme lamentable que o Partido Popular se aproveite dun goberno que é evidente que o tivo moi complicado. Desde aquí quero poñer en valor o traballo de Miguel, compañeiro nesta casa, porque creo que todos sabemos que a situación de dificultade é evidente. Polo tanto, ante



tales circunstancias, creo que a responsabilidade da oposición é garantir, a un ano das eleccións, que haxa estabilidade e que na túa cidade se poida traballar con tranquilidade, facendo oposición, por suposto. No meu caso, como concelleira que formou parte dun goberno, téño moi claro, se non estou contenta pola mesma porta que entrei, saio. Iso é o que eu creo que hai que facer se es unha persoa que ten un mínimo de sentido común e de criterio. Nunca na política podes pensar só en ti.

A unión dunha tráfuga e tres falecementos parécelle especialmente delicado como para que o PP marche a dirección dunha liña vermella contra esta moción?

Paréceme delicado todo o que foi sucedendo ao longo do mandato. Non quería entrar exactamente en que, porque evidentemente foi moi daniño e doloroso, pero eu resúmoos así, todos e todas sabemos que foi moi difícil este mandato e creo que a maneira na que actuaron non podería describila dunha forma educada. **Quería destacar que hai máis movementos similares noutros lugares como o acordo do PP con Camiña Sarría ou o que está pasando tamén en Vilalba. Que lle parece isto, e sobre todo nesta recta final do ano que queda de cara ás municipais?**

Paréceme que, a pesar de ser unha fórmula legal, non é a máis axeitada para chegar ao poder.

Ten medo de que esas prácticas leven ao PP a San Marcos?

Medo ningún. A verdade é que non. **Pensa que o labor que está facendo pode remontar a crise a raíz do episodio de Tomé?**

Eu non teño medo, sinceramente. Estou centrada en traballar e teño a sorte de que traballo cun equipo cohesionado. A verdade é que eu me afasto do ruído e céntrame tanto en ter un proxecto, unha estratexia de traballo a seguir clara que non teño medo, dígoos de verdade. Aquí evidentemente xogas sempre partido a partido, pero non o teño na miña cabeza.

Tamén se dá a situación, falabamos

antes do caso de María Reigosa, agora non adscrita. O expresidente da deputación está tamén na condición de non adscrito, e tras a súa renuncia, o seu voto tamén é decisivo. Cre que se pode chegar a vivir unha situación paralela á que vivimos no Concello?

Non o plantexo, é máis, descártoo totalmente.

Como é a súa relación actualmente con Tomé?

A miña relación con Tomé é cordial. Hai que ter en conta que é expresidente, excompañeiro, é deputado desta casa e ademais, alcalde de Monforte, polo que a miña relación con el é cordial, como con todos os deputados e deputadas desta casa. E insisto, como estou tan centrada en que a provincia non pare de traballar, en sacar os proxectos para adiante, nunca supuxo para min un problema a nivel de traballo.

E a relación cos deputados cos que tivo problema aí atrás mellorou?

“Si, eu quero ser candidata á Alcaldía de Burela, aínda teño moitísimo traballo por facer”

Si, a miña relación nunca foi mala con ningún dos compañeiros e compañeiras deputadas. Eu tiña claro que, se lideraba, lideraba un equipo. **Funciona cohesionado agora mesmo entón?**

Si, non entendo outra forma de traballar. Deixeiño claro desde o principio, ademais.

E esas diferenzas que se trasladaron tamén ás primarias na provincia, vense patentes ou están as augas calmadas?

Agora mesmo estamos traballando, e estamos traballando como equipo porque é así como se debe facer. Eu non o entendo doutra forma.

O seu predecesor tamén dirixía o partido na provincia, é bastante común que as presidencias das depu-

tacións sexan quen tiren polo partido na provincia. Gustaríalle dar o paso para ser secretaria xeral.

Agora mesmo estamos en mans dunha xestora e eu débome a esa xestora. Ao final a decisión dependerá do que os meus compañeiros consideren mellor para todos. Son de xogar partido a partido e agora mesmo estou centrada na presidencia da Deputación, ademais da miña Alcaldía que para min é fundamental. Se se dá o caso, se pasamos a ese partido, eu tería que valoralo e estudalo.

E como é a súa relación actual coa dirección do PSdeG?

Ben, sa, sempre foi e continúa sendo así. Son crítica, pero son das que di as cousas dentro da casa.

Como valora o liderado de Besteiro?

Para min é un bo líder. O seu traballo está patente xa non só a nivel provincial, senón a nivel galego e mesmo estatal. Ser líder hoxe en día ademais é moi difícil e máis dentro da política actual porque agora mesmo está moi ensuciada. No meu caso, eu son moi leal fóra da casa, pero moi crítica dentro dela e é evidente que todos podemos mellorar, pero a sabendas de que é moi difícil ser líder hoxe en día.

E cre que cando se reúnen os órganos do partido para falar hai suficiente intercambio orgánico?

Agora que estou percorrendo a provincia e falando con todos os compañeiros e compañeiras que, a pesar de que xa os coñecía, agora teño a posibilidade de escoitalos moito máis, creo que temos uns activos moi potentes. Temos que autocriticarnos, dicir que isto saíu mal, preguntarnos por que saíu mal e como podemos saír adiante. E estou totalmente convencida de que o podemos facer.

Referiuse en varias ocasións a Burela, ao concello que goberna. Queda pouco menos dun ano para as próximas eleccións municipais e a pregunta é clara, vai ser candidata?

Si, eu quero ser candidata. Aínda teño moitísimo traballo que facer en Burela e se os meus compañeiros o consideran, eu son súper feliz sendo alcaldesa de Burela.

Reclamacións á Xunta en emerxencias, lumes forestais e prezo do leite

O Pleno da Deputación de Lugo celebrado en abril aprobou unha iniciativa socialista para reclamarlle á Xunta un cambio de modelo na xestión da prevención de lumes. Baseándose nos datos do 2025, que deixaron na provincia de Lugo 248 lumes que arrasaron 13.694 hectáreas de terreo, o PSdeG propón reformular o sistema. A iniciativa contou cos votos a favor dos socialistas, o BNG e o Deputado non adscrito, e os votos en contra do PP.

Ampliar a superficie incluída baixo a protección das faixas secundarias de xestión da biomasa, desenvolver plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación ou avanzar coa tramitación da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais son algunhas das propostas que recolle o texto aprobado.

Tamén acordou instar á Xunta de Galicia a estudar a viabilidade dun novo modelo de emerxencias na Montaña, reclamando un reforzo do sistema público para garantir unha resposta eficaz en todo o territorio. A iniciativa saíu adiante co voto favorable do PSdeG, do

BNG e do deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

Sinalou a deputada que a provincia de Lugo conta só con cinco Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES): Friol, A Pontenova, Quiroga, Folgoso do Courel e Monterroso. E que o propio sistema de atención de emerxencias 112 Galicia ve limitada a súa eficacia pola falta de medios operativos próximos.

O pleno provincial tamén aprobou unha proposta impulsada polo BNG que insta á Xunta de Galiza a actuar fronte ás baixadas abusivas e unilaterais do prezo do leite por parte da industria.

O deputado Daniel García denunciou a “inoperancia” e “inutilidade” do goberno do Partido Popular ante a recente baixada de prezos imposta pola industria, de ata 8 céntimos por litro. “Agora din que revisarán todos os contratos, mais a industria non é parva, os contratos seguro que serán legais, pero as negociacións son abusivas e unilaterais e as ameazas de suspensión de recollida son reais como as das 4 granxas de Ribadeo”, lembrou.

A Deputación asumirá a xestión das zonas verdes contratado a Tragsa

A Deputación de Lugo aprobou o inicio do expediente para que o servizo de conservación e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial pase a ser prestado directamente pola propia institución a partir do 1 de xaneiro de 2027.

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e o vicepresidente provincial, Efrén Castro, foron os encargados de dar conta deste acordo, que cualificaron como “un paso relevante na organización dun servizo esencial para a provincia”.

Na actualidade, este servizo vense desenvolvendo a través dun encargo ao medio propio TRAGSA, un modelo que está en vigor desde o ano 2020 e que foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2026. Este encargo abrangue o mantemento dun total de 1.052.888 metros cadrados de zonas verdes distribuídas por toda a provincia, incluíndo espazos naturais, áreas recreativas, contornas fluviais e zonas urbanas, o que dá idea da dimensión e importancia deste servizo tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Co acordo adoptado, a Deputación aposta por avanzar cara a un modelo de xestión directa, que permitirá reforzar o control público, mellorar a eficiencia na prestación e achegar a toma de decisións á realidade do territorio.

A decisión implica tamén a subrogación do persoal actualmente adscrito ao servizo, garantindo a continuidade laboral e o respecto íntegro dos seus dereitos. En concreto, trátase dun equipo de 16 traballadores e traballadoras de distintos perfís profesionais —entre eles xardineiros, oficiais ou oficial escultor— procedentes da extinta SUPLUSA, que continuarán desenvolvendo exactamente as mesmas funcións que realizan na actualidade.

“Coa aprobación deste expediente, a Deputación de Lugo dá o primeiro paso dun proceso que culminará en 2027 coa implantación dun modelo de xestión máis directo, eficiente e xusto, orientado a mellorar tanto a calidade do servizo público como as condicións das persoas que o fan posible”, explicou a presidenta.

COLABORACIONES

El Caballero de París

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

A sí lle chamaban na Habana a Xosé María López Lledín, que naceu o 30 de decembro de 1899 na aldea de Vilaseca, no municipio de Negreira de Muñiz da provincia de Lugo; un galego que se eternizou para sempre en preciosas lendas habaneiras. Comezou a educación primaria aos 7 anos en Negreira, onde completou a metade da educación primaria e o 10 de decembro de 1913, con case 14 anos, chegou a Habana con varios familiares, a bordo do vapor alemán "Chemnitz. Os seus primeiros traballos foron nunha tenda de flores, de xastre, nunha librería nos hoteis e nunha oficina de avogados, ademais de formarse culturalmente nas clases nocturnas do Centro Galego para conseguir un mellor emprego. Grazas ao seu esforzo acadou postos mellor pagados no hotel Inglaterra, que está ao lado do gran pazo do Centro e noutros máis importantes. Era autodidacta, un home elegante e culto que podía debater sobre historia, literatura e filosofía; moi afeccionado á poesía e capaz de recitar de memoria fragmentos de grandes obras literarias. Todo ía moi ben ata que se torceron as cousas: Non se sabe o motivo e

el sempre defendeu a súa inocencia, pero o caso é que no 1920, sete anos despois de chegar a Cuba, deu cos seus osos na prisión do Castelo dos Príncipes. Os historiadores non se poñen de acordo co delicto; uns din que foi acusado dun asasinato e nunha guía turística da Habana afirman que o denunciou unha señora polo roubo dunhas xoias, aínda que despois dixo, no seu leito de morte, que fora ela mesma quen as entregara a un chantaxista, pero o dano xa estaba feito. Nesa prisión aprendeu facer traballos manuais e daba discursos nos que se presentaba como Papa, Rei ou Cabaleiro; disertando sobre filosofía, relixión, política e literatura. En 1934 abandonou a prisión, pero coas súas facultades mentais alteradas. Quizás ao saberse inocente foi incapaz de aguantar a inxustiza e ao saír deambulaba polas rúas da cidade, a pe ou en autobús. Podíase atopar no Paseo do Prado, na Avenida do Porto ou preto da "Praza de Armas"; na Igrexa de Paula e no Parque Central, onde algunhas veces durmía nun dos bancos; pola rúa Muralla, preto de Infanta, San Lázaro e na esquina 12 e 23 no Vedado; saudando e disertando sobre filosofía, relixión, política e sobre as noticias do día, pero perdera a súa pulcritude anterior, co pelo e a barba desaliñados, vestido de negro, con capa do mesmo color, unha bolsa coas súas cousas e unha carpeta con papeis, periódicos e libros vellos.

Nunca pedía esmola nin aceptaba doazóns de descoñecidos, pois sempre agasallaba a quen lle daba algo con bonitos lapis aos que lles entrelazaba fíos de varias cores como aprendera na cárcere, onde se podía ler Cuba, José Martí ou o nome dalgún neno que llo pedía. A quen lle preguntaba dicía: "Claro... claro, amigo. Eu almorzo, e como todos os días. Hai partidarios da miña doutrina que se preocupan deses mesteres. Eu nunca pido esmola. Eu non imploro a caridade. Os deuses non se axeonllan". Moi poucos coñecían o seu verdadeiro nome e sentíase cabaleiro: "Sen Rocinante nin Sancho Panza, fun xentilhome e cabaleiro andante, desfacendo agravios e castigando inxustizas... A Habana deslomboume como unha muller fermosa, era a miña Dulcinea e para dama de tales merecementos, era necesario que eu lle rendera un tributo grande e extraordinario. É moi parisen, por iso me deixei crecer o pelo e a barba e na Acera do Louvre empezaron chamándome El Caballero de París, porque era mosqueteiro, corsario e cabaleiro de Lagardere". O día 7 de decembro de 1977, xa moi deteriorado, foi internado no Hospital Psiquiátrico de Mazorra, nas aforas da Habana, onde foi tratado polo Dr. Luis Calzadilla Fierro, que se convertería tamén no seu biógrafo escribindo o libro "Yo soy



el Caballero de París. Diagnosticoulle, unha especie de esquizofrenia e faleceu o 11 de xullo de 1985, aos 86 anos de idade. Foi enterrado no cemiterio de Santiago das Vegas, pero logo os seus restos foron trasladados ao Convento de San Francisco de Asís, onde aínda descansan e diante do Convento podémolo ollar andando pola rúa no monumento de bronce creado polo artista José Villa Soberón. O Dr. Calzadilla, contaba a última conversación que tiveron pouco antes de falecer: "— Boas tardes Cabaleiro. — Boas tardes Calzadilla. Por favor non me chames máis Cabaleiro. Xa non son o Cabalei-

ro de París. Estes non son tempos de aristócratas nin de cabaleiros andantes. — ¿Entón eu xa non son tampouco o seu fiel mosqueteiro? — Non Calzadilla, desde fai anos solo es o meu fiel psiquiatra". Igual que o Quixote, pareceu virlle a razón. Este paisano é moi querido, ademais da estatua ten moitos vídeos e lendas, fixéronlle moitas homenaxes e Barbarito Díez dedicoulle unha preciosa canción porque soubo conquistar o corazón habaneiro. Si a lectora ou lector vai pola Habana, aconséllolle que lle faga unha visita e que lle acaricie a barba. Din que dá a sorte que el nunca tivo.

Violencia a carón nosa

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Nesta columna, en todos estes anos nos que levamos colaborando co xornal, en múltiples ocasións gabamos a moita xente que polo seu bo facer así o merecía. Homes e mulleres, do presente e do pasado, que dan que falar -ou que deron- para ben. Personaxes ilustres que deixaron pegada, recoñecidos polo seu labor artístico, empresarial ou pola súa categoría humana. Escritores, cregos, emprendedores ou gandeiros dos cales sentimos orgullo e satisfac-

ción, xa que forman ou formaron parte da veciñanza dos distintos municipios chairegos. E tamén nos fixemos eco de iniciativas dalgúns outros, non tan coñecidos, case anónimos, pero que son merecedores de consideración. Abofé que a listaxe é xeitosa, e nela caberían máis e caberán no futuro, polo que asemade trataremos de realizarlles a cumprida reseña cando así se considere. Mais como acontece en toda aquela comunidade que se preste, tamén na Chaira existe o mal e as persoas que son malignas, ou cando menos, non merecentes de excesivos eloxios. E se damos un paso máis, aquí tamén temos abondo que rascar, sendo o noso territorio o escenario de feitos

execrables que nos avergonzan como seres humanos. Se nos remontamos tres décadas para atrás, a conmoción e desacougo que aínda nos sacude a alma ten un nome, Maruchi Rivas, unha meniña salvaxemente asasinada por un ser perverso, un criminal e desapehensivo que na actualidade seica se atopa en liberdade. Xa no presente século, o exemplo de brutalidade e salvaxismo deuse na parroquia de Burgás, en Xermade, onde conmocionou o asalto a unha casa onde atacaron a machetadas a un matrimonio de persoas maiores e ó seu fillo, matando os dous homes. Os culpables do detestable crime, vilalbeses ámbolos dous. Como último exemplo, o máis

recente, polas terras de Abadín, onde a estraña desaparición de Enrique Bolívar, un señor que superaba os oitenta anos, do cal non se soubo nada en trinta meses, ata que finalmente os seus restos foron localizados e identificados. O responsable da súa morte, accidental ou non, xa está detido e engaiolado á espera de xuízo. Neste caso, as sospeitas, as evidencias e indicios que apuntaban na mesma dirección non foron suficientes para resolver o asunto con maior celeridade. Polo menos, dar con don Enrique e poñer ante a xustiza o culpable confeso da súa desaparición e morte supón todo un alivio para os achegados. Os tres exemplos sinalados susci-

taron nas distintas épocas en que tiveron lugar abraio e consternación entre a comunidade, que se veu sacudida co nivel de brutalidade e a falta total de escrúpulos de quen participou en semellantes episodios. Mais cómpre indicar que a pesar da gravidade dos feitos, estes son unha excepcionalidade entre nosoutros. Pero aínda así, deben ser contados, fuxindo a ser posible da morbosidade e do sensacionalismo. En definitiva, que lamentablemente o peor da condición do ser humano e as consecuencias diso tamén poden morar entre nosoutros, nos lugares onde semella que nunca pasa nada fóra do normal. Porque a violencia, as veces, habita a carón nosa.

LETRAS GALEGAS 2026

Begoña Caamaño

A RAG escolleu a Begoña Caamaño no pleno ordinario no que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). Así o decidiu a institución no pleno ordinario no pazo municipal de María Pita (A Coruña), unha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose. A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

A proposta de Begoña Caamaño foi presentada polas académicas Ana Romaní, Marilar Aleixandre, María López Sández, Margarita Ledo Andión, Chus Pato e Francisco Fernández Rei. De acordo cos estatutos da RAG, discutíuse canda as outras tres formalizadas na primeira xuntanza ordinaria do

pleno da institución tras a sesión extraordinaria do Día das Letras Galegas, que tivo as cantareiras e a poesía popular oral como protagonistas. A que se homenaxea no 2026 é de novo unha voz feminina, desta volta a dunha autora en singular pero que escolleu proxectarse no colectivo da palabra literaria e da voz xornalística.

“Literatura e xornalismo son na autora instrumentos para o coñecemento, outra forma de reflexión e acción, desde o rigor do saber, o estimulante exercicio da razón e a complicidade da maxia e dos soños”, reza o texto da candidatura aprobada. “A figura de Begoña Caamaño dialoga hoxe cunha parte moi activa da profesión xornalística e literaria, traslada outra experiencia de ambas as dúas. Cómplice dese tecido de voces que é a literatura, coma colchas tecidas con retallos, voz coral na que se recoñece, entrégase á narrativa sen desoír a interrogación da xornalista e a esixencia da lectora”, prosegue.

A de Caamaño é así unha obra para a ética, para o movemento, para o pensamento crítico, para un país e un idioma que cultivou con precisión e esmero, conclúen as propoñentes, que subliñan a imposibilidade de delimitar



seccións na súa traxectoria. “A constante implicación con causas sociais, culturais e políticas perfilan unha biografía movida por unha magnética paixón vital de lúcida intelixencia e xenerosa determinación. Atenta lectora da realidade social, audaz nas súas formulacións, vibrante no debate, Begoña Caamaño, viaxeira curiosa

No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento

á procura do encontro co outro, do recoñecemento da diferenza, implícase na defensa dos dereitos humanos, o pacifismo, a solidariedade, a dignidade, a liberdade, con sólidas conviccións mobilízase na crítica da inxustiza social, as opresións, o poder o os seus abusos, as desigualdades e os privilexios”, abundan.

A NARRADORA

Begoña Caamaño debutou na madurez como narradora, aos 45 anos de idade, con *Circe ou o pracer do azul* (2009). A este título seguiu *Morgana en Esmelle* (2012), cuxa publicación cadrou co diagnóstico do cancro que acabou dous anos despois coa súa vida, cando acababa de facer os 50 anos. A súa segunda e derradeira novela foi recoñecida co Premio

Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2012 da Asociación Galega de Editores, o Premio da AELG á mellor obra de narrativa 2012, o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios 2012 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2013. No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento, entre eles unha novela arredor da figura de Sherezade e mais a recreación da vida da súa bisavoa.

En *Circe ou o pracer do azul*, Caamaño inicia o camiño da reescritura de mitos desde a perspectiva feminista, e faino traendo das marxes ao centro dous personaxes da Odisea, Penélope e Circe, a dona e a amante de Ulises. No ronsel da Penélope de Xohana Torres (1929-2017), agora as protagonistas subverten os roles que a tradición lles atribuíra e tecen unha relación de complicidade. Con *Morgana en Esmelle*, Begoña Caamaño propón unha reflexión contemporánea sobre o poder e a ética e completa unha novela contra a impunidade partindo doutro mito, a materia de Bretaña, e tomando prestados a voz narrativa e outros elementos de Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro. “Quixen formular un debate contemporáneo, sobre que modelo de sociedade queremos”, explicou a autora sobre esta obra.

A XORNALISTA

Canda a creadora, as Letras Galegas 2026 tamén celebrarán a Begoña Caamaño xornalista, nun

momento en que urxe reivindicar o xornalismo como profesión crítica e comprometida coa verdade, o rigor e a calidade, apoiar a independencia e o profesionalismo dos medios de comunicación públicos, e mais promover o uso do galego en todo tipo de medios. A protagonista do vindeiro 17 de maio representa todos estes valores, que cultivou ao longo dunha traxectoria profesional que arrincou no seu Vigo natal.

O barrio do Calvario foi o territorio emocional da infancia e da formación na mocidade. Tras estudar o bacharelato no actual IES Alexandre Bóveda (Coia II) e titularse en Maxisterio, en 1986 comezou a exercer como xornalista nos servizos informativos da emisora viguesa Radio Noroeste e tamén traballou, na mesma cidade, en Radio Popular, antes de se incorporar en 1989 á Radio Galega. Na emisora pública formou parte dos servizos informativos ata a súa incorporación ao Diario Cultural, e tamén presentou e dirixiu os programas *Andando a terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*. Alén da radio, traballou para a Axencia Galega de Noticias e asinou colaboracións en *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Tempos novos* e *Novas da Galiza*. Ante o micro ou sobre o papel, Caamaño cultivou sempre a precisión dos datos e da escrita, a consciencia da responsabilidade social do xornalismo, convencida da súa función de servizo público, tanto nos medios públicos coma nos privados. Foi ademais presidenta do Comité Interempresas da CRTVG e unha das impulsoras da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación.



DEPORTES

Riotorto acollerá o 23 o IV Trail dos Muíños

Riotorto converterase o vindeiro 23 de maio nun punto de encontro para o deporte ao aire libre coa celebración do IV Trail dos Muíños, unha proba organizada pola Asociación de Veciños da Ferrería en colaboración co Concello. A cita forma parte das Series Galicia Trail Running da Federación Galega de Atletismo, dentro da Serie Prata, e será puntuable para a clasificación que determina a Selección Galega nos campionatos estatais.

O evento inclúe tres modalidades adaptadas a distintos niveis: unha andaina non competitiva de 13 quilómetros, un trail de media maratón de 21 quilómetros e un minitrail de 12 quilómetros. Todas as probas terán saída desde o campo de fútbol de Riotorto durante a tarde, con horarios escalonados entre as 16:00 e as 17:30 horas.

A organización habilitará puntos de avituallamento ao longo dos percorridos e contará con servizos de control e seguridade para garantir o bo desenvolvemento da xornada.



No caso das probas competitivas, estableceranse tempos límite e disporase dun corredor escoba para supervisar o trazado.

Ademais do seu carácter deportivo, a cita busca promover a participación e poñer en valor o entorno natural do municipio. A entrega de dorsais realizarase o mesmo día a partir do mediodía, e a guía completa da carreira estará dispoñible previamente para as persoas inscritas.

O PM Friol B remata campión de grupo e logra o ascenso a Segunda

O equipo filial feminino do PM Friol logrou facerse co título de campión do grupo 4 de Terceira División Galega Feminina tras golear na casa (6-0) no último partido ao Carballedo.

Xunto a este título vén aparelado o ascenso a Segunda, una categoría que deixou na tempada pasada ao quedar.

O equipo friolés logra o título despois dunha intensa tempada, na que a vitoria foi o eixo principal, con 13 partidos de 16, mentres que sufriu 2 derrotas e sumou un empate, precisamente co seu maior rival polo título, o Chantada.

O PM Friol B competiu este ano xunto ao resto de equipos da provincia da mesma categoría, o Monte Forte, o Carballedo, o San Roque e a Comercial, os dous primeiros quedan sen opcións de ascenso a falta dun partido e o lugués pecha a lista.

COPA DEPUTACIÓN. O San Roque e o Xermade serán os dous equipos de Segunda Galicia que xoguen a final da Copa Deputación da súa catego-



ría logo de superar aos seus rivais na ponte do primeiro de maio.

O San Roque desfixose do Ferreira cun resultado de 1-2 mentres que o Xermade fixo o propio coa Pontenova tamén cun 2-1 como resultado final. Deste xeito, os dous xogarán polo título o próximo 24 de maio, unha vez que remate a Liga regular, da que quedan dúas xornadas. Ningún dos dous equipos está situado para o ascenso.

Non houbo competición na categoría de Preferente en Primeira, que xogarán as súas semifinais na mes-

ma data do 24 de maio, para facer a final ao fin de semana seguinte. Na feminina, xa hai finalistas desde primeiros de abril, o Milagrosa e o Antas, que xogarán esta final a próxima fin de semana, o domingo 10 no Luis Gorgoso.

Na xuvenil houbo competición e o Lourenzá será un dos finalistas da última sesión de Copa, logo de derrotar ao Antas por contundente 2-6 este sábado. O día 10 disputarase a outra semifinal, entre Río Ouro e Sarriana, que tamén farán a final o día 23.



Nía Franco e Daniel Murado gañaron a XVI Carreira Guitiriz Termal

Nía Franco e Daniel Murado proclamáronse gañadores absolutos da XVI Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal, organizada polo Concello coa colaboración do Club Atletismo Guitiriz e o apoio da Deputación de Lugo. Na proba participaron máis de 220 persoas entre a carreira e a V edición da andaina.

Na masculina absoluta o segundo posto foi para Esteban Díaz e o terceiro para Marcos Codesal. Na feminina Carla González rematou en segundo lugar e Nerea Braña levou a medalla de bronce.

Na biberón recibiron medalla todos os participantes. Na sub 10 os vence-

dores foron Arai Gallardo e Valentina Ares, mentres que na sub 12 gañaron Mireia Díaz e Mateo Vilela. En sub 14 remataron en primeiro posto Laura López e Antonio Sanmartín e en sub 16 fixérono Roi Fraga e Candela Castelo. Tamén se entregaron medallas aos gañadores da categoría sub 18, Noa Quiroga e Brais Martínez.

Na proba sénior, Miguel García e Vanesa Vázquez encabezaron a proba, mentres que nas categorías máster os vencedores foron os seguintes: Máster 1 Marcos Pereira e María Álvarez; Máster 2 Victoria Moscoso e Manuel Rendo; e Máster 3 Juan Antonio Castro.

EN BREVE



XIMNASIA. Outeiro de Rei celebrou unha nova edición do Torneo Terra Chá das Escolas Deportivas Municipais de Ximnasia Rítmica, unha cita que congregou no Pavillón Municipal de Deportes a un total de 194 rapazas pertencentes a sete escolas municipais da provincia de Lugo.



LOITA OLÍMPICA. O Club Loitas Olímpicas Vilalba participou na Xornada Norte da Liga de Deporte Base, celebrada na propia localidade, logrando un destacado segundo posto na clasificación final. O equipo vilalbés estivo formado por un total de 26 deportistas de entre os 8 e os 13 anos.

Organizan a primeira edición do Torneo de Pádel de Guitiriz

O Concello de Guitiriz acollerá a finais do mes de maio a primeira edición do Torneo de Pádel Concello de Guitiriz, unha iniciativa impulsada pola Escola Deportiva Municipal coa colaboración do propio Concello.

A competición desenvolverase os días 29, 30 e 31 de maio nas instalacións deportivas municipais, converténdose nunha nova cita para fomentar a práctica deportiva e a convivencia entre afeccionados ao pádel.

O torneo contará cunha categoría única, o que permitirá a participación de parellas masculinas, femininas e mixtas, promovendo así un evento inclusivo e aberto a todos os públicos. As persoas interesadas poderán inscribirse ata o 26 de maio a través do número de WhatsApp 680 88 96 69. O custo da inscrición será de 10 euros por persoa.

A inscrición inclúe un pack de benvinda, a garantía de disputar un mínimo de dous partidos, así como pelotas e auga para o desenvolvemento dos encontros. En canto aos premios, haberá recoñecementos para as dúas primeiras parellas do cadro principal e tamén para as dúas primeiras do cadro de consolación.

“Intentamos que cada xogador ou xogadora sexa a súa mellor versión”

José Ángel Fernández Roca é presidente do CD Terras da Chaira de Rábade

Cóntenos como xurde o club?

O actual Club Deportivo Terras da Chaira é a continuidade dun proxecto iniciado nos anos 90 pola Agrupación Deportiva Colexio Fernández, na que tras anos de participación en diferentes disciplinas deportivas a nivel escolar (atletismo, fútbol sala e tenis de mesa) demos o salto á participación en competicións federadas de tenis de mesa. Naquela época xa tiñamos equipos en ligas nacionais participando, tanto masculinas como femininas, de feito durante varias tempadas participamos na liga nacional de 2ª división masculina e na liga nacional de 1ª división feminina. Nestas ligas competíamos na zona noroeste da península: Galicia, Asturias e Castelá e León. Paralelamente temos participados en varios campionatos de España como os disputados en Luarca en 1992, Santa Coloma de Gramanet (Barcelona) en 1993 e Villarobledo (Albacete) en 1997. Nesa época obtivemos moi bos resultados acadados, chegando a ter varios xogadores e xogadoras formando parte da selección galega de tenis de mesa. Actualmente, contamos cunha gran canteira de xogadores/as que nos permiten competir en ligas federadas con 5 equipos. Temos un gran apoio do Concello de Rábade a través das Escolas Municipais de Rábade, que nos permiten acadar os recursos necesarios para manter este proxecto.

Cantos equipos ten actualmente e fichas?

Actualmente contamos con 5 equipos que participan en ligas galegas e ligas nacionais. Temos 1 equipo na liga nacional de 1ª división feminina, o único equipo feminino representante en competicións oficiais que hai neste momento na provincia de Lugo. Temos 1 equipo na liga nacional de 3ª división masculina e 3 equipos participando na liga galega de 2ª división. O equipo de 1ª división feminina é o primeiro ano que milita nesta categoría, está no grupo 1 participando con outros doce equipos de Galicia, Asturias e León. O equipo de 3ª división masculina está no grupo norte competindo con equipos das provincias de Lugo e A Coruña, mentres que os equipos participantes na liga de 2ª división galega son da provincia de Lugo. Respecto ao número de fichas temos 31 licencias federadas entre



xogadores e xogadoras: 7 licencias femininas e 24 licencias masculinas. Ademais de competir en ligas tamén participamos no torneo preestatal xogado no mes de decembro en Pontevedra, así como en campionatos galegos de categorías inferiores.

Como adestran e quen se encarga?

Os horarios de adestramento son de 19:00 a 21:30 todos os días da semana, de luns a venres, adestrando en grupos en catro mesas simultaneamente. Os grupos están definidos polo nivel técnico dos xogadores/as. Actualmente contamos con dous adestradores, Alejandro Martínez e Angel Fernández, que ademais do seu traballo ao longo da semana nas sesións de adestramento acompañan na medida do posible aos equipos nas súas competicións, é dicimos na medida do posible porque a veces non é doado cando varios equipos xogan o mesmo día en sedes distintas.

Fáganos un balance da tempada.

A tempada 2025/26 está practicamente rematando. Estamos nunha fase de expansión e na que accedemos a varias ligas con xogadores e xogadoras moi xoves polo que nestas condicións non entraban nas nosas previsións acadar uns altos resultados. Nesta fase é importante traballar duro nos adestramentos, desfrutar e aprender para competir o mellor posíbel cada fin de semana. Os resultados xa virán máis tarde. Hoxe o noso propósito e manter os equipos nas categorías nas que estamos competindo, e unha vez consolidados replantexaremos os nosos obxectivos para buscar ascensos de categoría. Esta tempada supuxo un salto importante polo volume de xogadores e xogadoras que mantemos en diferen-

tes competicións oficiais, un proxecto que nos enche de ilusión e ao que lle daremos continuidade.

Contan cunha importante base, é doado?

En torno a metade dos nosos xogadores e xogadoras son de categorías menores no que se refire a idade, é dicir posúen licencias de benxamín a cadete. Intentamos que os xogadores disfruten o deporte e lles sirva para o seu desenvolvemento persoal. Non estamos obsesionados con lograr resultados, ao contrario intentamos que cada xogador e xogadora sexa a súa mellor versión e intente mellorar día a día, desfrutando o proceso. Aínda así, existen froitos a salientar como os acadados no campionato provincial xogado o 11 de abril en Ribadeo. Os equipos benxamín mixto e cadete feminino lograron o primeiro posto, mentres que os equipos cadetes cos que participamos lograron o segundo e quinto posto. Hai moito traballo diario detrás, pero tamén é certo que contamos cunha estreita colaboración dos pais e nais, que se implican ao cen por cen. De feito, sen a súa axuda sería moi difícil organizar os desprazamentos dos 5 equipos.

Que instalacións usan e son suficientes?

Actualmente estamos usando o ximnasio situado na planta baixa do Colexio Fernández, e un local de 100 metros cadrados que está dotado de 4 mesas de competición homologadas. Nos adestramentos temos material diverso para traballar a motricidade e coordinación dos xogadores e xogadoras, así como un robot que lanza pelotas que empregamos para mellorar á técnica. Nalgunhas xornadas de liga e como coincidían

varios encontros simultáneos, o Concello nos facilitou un local que hai na planta baixa do centro sociocultural do pobo, e para disputar a última xornada de 1ª división nacional feminina contamos co pavillón Eduardo Fernández Villamarín de Rábade. Esta xornada foi disputada ao longo do 25 de abril e contou coa presenza dos equipos CTM Coruña, La Atalaya de Gijón TM, Avilés TM e o equipo local, Afer Formación de Rábade.

Cales son os obxectivos que teñen para este ano?

Nun principio somos realistas en canto a obxectivos, así que o que procuramos e manter as categorías nas que estamos participando e posiblemente a temporada que vén poidamos mudar as nosas previsións para acadar obxectivos máis ambiciosos.

E a longo prazo?

Os obxectivos a longo prazo, virán condicionados polo nivel de xogo dos nosos xogadores e xogadoras, xa que será o seu nivel de xogo o que vai a decidir a categoría na que participaremos. Estamos abertos a incorporación de novos xogadores e xogadoras para mellorar as nosas aspiracións, pero temos claro que todos os equipos deben contar con xogadores e xogadoras da casa.

Que necesidades teñen?

Contamos cun gran apoio do Concello de Rábade, solicitamos algunha subvención á Deputación Provincial de Lugo e a maiores temos dous patrocinadores (Brayfer Electricidad y Afer Formación) que nos axudan a costear os elevados gastos derivados da participación con 5 equipos en competicións federadas. Esta tempada, ademais dos custes das equipacións deportivas dos xogadores e xogadoras, licencias federativas, inscricións e fianzas nas federacións Galega e Española para participar nas respectivas ligas, os honorarios de arbitrxes; tivemos un elevado gasto en desprazamentos co equipo de 1ª división nacional feminina como consecuencia das estancias e pernotacións durante varios fin de semana para a disputa dos partidos. Nun principio imos valorar a evolución do club no que respecta o incremento de xogadores e xogadoras, actualmente as nosas instalacións cumpren perfectamente o seu propósito, pero estaríamos abertos a cambiar de local de adestramento para adestrar en mais mesas, o que se traduce dunha forma directa que poidan participar máis persoas nos adestramentos, Aínda así deberían darse as circunstancias que permitan a súa dispoñibilidade e uso. Xa houbo algunha conversa co Concello de Rábade a este respecto.

Vilalba acollerá unha nova edición da Liga de Pádel desde maio

As instalacións de Indoor Vilalba serán escenario dunha nova edición da Liga de Pádel, unha competición que se desenvolverá entre o 11 de maio e o 12 de xullo e que reunirá a xogadores afeccionados a este deporte en diferentes niveis de competición. O torneo contará con tres categorías divididas por niveis, co obxectivo de favorecer unha competición equilibrada entre os participantes. Ademais, os partidos estarán organizados polo propio club, que tamén establecerá o formato da competición baseado nunha fase de grupos con encontros de ida e volta para determinar os clasificados para a fase final.

A organización estableceu unha cota de inscrición de 30 euros por parella para participar nunha categoría e de 40 euros para dúas categorías, ademais dun suplemento de 3 euros por persoa e partido disputado. As inscricións permanecerán abertas ata o 10 de maio.

En canto aos premios, a parella campioa recibirá un vale de 90 euros para gastar na tenda do club, mentres que os subcampións obterán material deportivo. A fase final disputarase os días 11 e 12 de xullo e rematará cunha churrascada.

Penas de Rodas será sede da Copa de España de XCO

A Copa de España de XCO celebrárase os días 16 e 17 de maio no circuito de Penas de Rodas, Outeiro de Rei. Esta edición será especialmente significativa, ao tratarse da primeira proba internacional de XCO organizada na provincia de Lugo.

O circuito contará cunha lonxitude aproximada de 4.500 metros por volta e un desnivel positivo acumulado de 160 metros, deseñado maioritariamente sobre terreo natural. O trazado incluírá elementos técnicos característicos do XCO, como zonas de raíces, seccións de pedra en vertical e algúns elementos artificiais, entre eles saltos, que achegarán dinamismo e esixencia técnica ao percorrido. Trátase dun circuito técnico e fisicamente esixente, pensado para ofrecer un alto nivel competitivo e un grande espectáculo deportivo.

DE RUTA EN RUTA

Samos: Ruta pola Fervenza de Santalla

O trazado de sendeirismo que percorre a parroquia atópase ao sur do municipio e ten unha distancia de 2,3 quilómetros

San Xosé de Santalla é unha parroquia do concello de Samos situada na comarca de Sarria. Entre o seu patrimonio conta cunha igrexa parroquial, dúas covas de distintas dimensións (que supoñen un espazo xeolóxico único con estalactitas e estalagmitas no seu interior) e coa fervenza de Santalla, destino que acadaremos ó seguir esta ruta de sendeirismo.

En Santalla de Abaixo podemos visitar non só a súa igrexa, senón tamén a vivenda natal do poeta Fiz Vergara Vilariño, que hoxe en día conserva aínda intacta a súa habitación.

Santalla está bañada polo río Lúzara, un afluente do río Lor e este á súa vez do río Sil, que con aproximadamente 29 quilómetros de lonxitude da nome ó Val de Lúzara ou Terras de Lúzara, no concello de Samos. Esta parroquia conta ademais cunha piscifactoría dedicada á cría do salmón atlántico.

Ten un total de seis entidades de poboación entre as que se atopan Casares, A Casela, Gamiz, Pa-

rada, Santalla e Vilar do Robledo. A capital da comarca, así como o núcleo máis poboado, é Sarria.

A igrexa de San Xosé de Santalla é de planta rectangular e tellado a dúas augas, con cuberta de lousa que remata en chafrán no presbiterio. A fachada está levantada con perpiaños graníticos, algo que non adoita ser habitual nesta zona. A súa entrada ten doelas e remates curvos nas esquinas superiores.

Unha moldura debuxa nos perpiaños do muro un arco oxival para servirle de marco. Máis arriba ábranse dous pequenos vans rectangulares con adorno de arcos, apuntados e en relevo, nos perpiaños da parte superior. No cume da fachada arranca o campanario, con dous ocos para as campás de arcos apuntados e con remate en frontón partido cun pináculo de bóla cunha cruz de forxa.

No seu cemiterio está a tumba do poeta Fiz Vergara Vilariño, autor ó que se lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas. Este templo forma parte da ruta dedicada a el polo Val do Lúzara que vai dende o alto de Aira Padrón a Santalla.

A ruta de sendeirismo que percorre a parroquia de Santalla, atópase ó sur do municipio de Samos, en Santalla de Abaixo (entre O Courel e O Incio).

Para iniciala pódese deixar o coche ó carón da estrada LU-P-5605, xusto antes de baixar á aldea de Casares para evitar así manobrar xa que o camiño estreitase bastante unha vez se chega ó pobo. Este será o noso punto de



partida.

A ruta ten unha distancia total de arredor de 2,3 quilómetros e unha duración aproximada dunha hora. Recoméndase facela en calquera estación do ano e é unha ruta apta para tódolos públicos, dende os máis cativos ata adultos de tódalas idades.

É unha ruta circular que non presenta maior dificultade no terreo pero carece de sinalización polo que é necesario o uso dun mapa ou un GPS. Non hai tampouco ningunha sinal que indique a dirección á fervenza, aínda que seguindo o río Lúzara non hai perda.

Trátase dunha paraxe fluvial cun valioso patrimonio natural, paisaxística e cultural, rodeada de prados e bosques onde estaremos acompañados en todo momento polo río e por un montón de vexetación que fan do lugar un paraxe único.

Cando xa levamos camiñado máis ou menos un quilómetro, empezamos a escoitar a fervenza, afluente do río Lúzara, que supón un impresionante salto de auga duns 25 metros de altura que cae entre castiros.

Este tramo que percorreremos e que parte dende o lugar de Casares, é soamente unha parte de pouco máis de dous quilómetros que nos leva á fervenza de Santalla e que pertence á ruta artístico-literaria de Fiz Vergara Vilariño (esta conta cun total de 7 quilómetros de lonxitude e 13 etapas sinalizadas con obras doutros tantos artistas que se quixeron sumar á homenaxe a este autor). Pero como mencionamos con anterioridade, o Val de Lúzara non só se converte no escenario perfecto para o desenvolvemento de rutas de sendeirismo, acolle tamén outras mostras de gran riqueza cultural e artística coma

A Cova Grande de Santalla de Lúzara, na que existen formacións cársticas labradas pola auga durante moitos anos. Lamentablemente e debido ós continuos actos vandálicos, o concello de Samos decidiu protexela cun valado, sendo obrigatorio solicitar permiso para a súa visita. As paredes desta cova simulan ser un órgano ou unha fervenza.

A Cova Grande ten unha lonxitude duns 300 metros. A primeira cámara é de teito baixo e obriga a agocharse ós visitantes ata chegar á sala grande, na cal pódese ver a súa profundidade e altura ademais dunhas figuras moi interesantes realizadas pola natureza durante milleiros de anos.

A Cova Pequena, situada a poucos metros da grande é de tan pequenas dimensións que hai que entrar arrastrándose, malia que o seu tamaño é menor, é tamén de gran interese.

DATOS



1 hora



2,3 km.



Dificultade fácil

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05